

REENCONTRO
COA ALDEA

Manuel Rodríguez López

Limiar de Xesús Alonso Montero

EDICIÓS DO CASTRO
Sada - A Coruña
Cuberta: Karawane
Ilustracións: Alvaro González de la Vega
ISBN: 84 7492 165 1
Depósito Legal: C 204 1983
Gráficas do Castro Moret.
O Castro. Sada. A Coruña. 1983

RETRATO, UN POUCO INCOMPLETO,
DO AUTOR DE «REENCONTRO COA ALDEA»

Este que tendes nestas páxinas é Manuel Rodríguez López de corpo enteiro: co seu amor á aldea, coa súa inxenuidade (grata e non pouca), co seu estupendo dominio do galego das terras de Sarria, coa súa visión elemental (e sincera) dos feitos, coa súa sinxela e grande capacidade comunicativa...

Entre a xente letrada Manuel Rodríguez López pasa por ser un poeta, e velahí están, ademáis de varios poemas premiados, tres libros que configuran esta imaxe: «Poemas Populares Galegos» (1968), «Saudade no Bulleiro» (1970) e «Soldada mínima» (1979). Hai tempo, sin embargo, que Manuel Rodríguez cultiva a narrativa, sobre todo o conto, algúns premiados nestes tres ou catro anos.

Vive o noso autor, dende hai bastantes anos, en Barcelona. Alí, despois da oficina de cada día, escribe as súas saudades ou alívias mergullándose na vida cultural galega —cada vez máis pequena— da gran cidade catalana. Cada agosto Manuel Rodríguez ven á Terra, pasea polas rúas de Lugo, toma cuncas de viño con Juan Soto, visita a Novoneyra no Caurel, parola nas tongas excursións con Anxel Fole, trata á súa xente en San Miguel de Paradela e noutros lugares de Sarria, e volve a Cataluña cheo de conversas, de noticias literarias, de amizades, de «contos» de Fole e cunha ducia —ou un cento— máis de voces e xiros arrincados ó seu subdialecto, esa fala que tan ben coñece, que tan ben usa.

É lástima (casi mágoa) que Manuel Rodríguez López teña que vivir nunha gran cidade e gañar o caldo nun escritorio, pois o seu é a aldea. Eu lamento que deixase o Seminario cando, rematado o ciclo da Fiosofía, la empezar o sucualco final da carreira sacerdotal, a Teoloxía. Sería un bon cura —porque é un bon home—, sería un bon arcipreste rural —moi lonxe do de Hita— e sería —estou convencido— cura e escritor asemade, un escritor de corredoira, de adro e de palleiro, solidario cos seus, amigo de historias, cheo de moralexas de boa fe e de riquísimo decir silvestre. Este estupendo escritor das silveiras sabería, como bon e xeneroso confesor, historias que só hoxe sospeita. ¡Lástima, pois! Anda á veira dos cincuenta anos e aínda non perdeu a fasquía de señor abade, unha fasquía chea de vello latín, ledicia e bondade.

Futuridades aparte, Manuel Rodríguez López é un narrador que compre ter en conta, i eso quixera «demostrar» (ou amosar). Non pretendo decir, non vou afirmar que é un extraordinario narrador; é, sin subestimalo, outra cousa. Quen lea os contos deste

volumen advertirá axiña certa simpleza ante os temas e as historias — certa simplificación dos feitos e das conductas, na realidade, a cotío, máis ricos ou complexos—, pro todo isto contado de tal xeito que a aldea, realmente, está captada e as súas xentes retratadas. Certamente, sentímo-la aldea.

Cada conto deste libro ten autonomía, si ben, lidos no orden do volume, teñen máis sentido, pois hai un fío conductor que os relaciona. O «truco» é tan doado como vello, e Manuel Rodríguez bota man del co menor pretexto. Deste xeito pon en boca do personaxe qu lle convén historias de tosouros, de bruxas ou do que sexa. O resultado — aínda admitida unha certa inxenuidade expositiva — é unha atmósfera rural certa e viva. Compre sinalar que o «protagonista», o Xan, retorna a unha aldea de fai anos, non exactamente de hoxe. Ven da Gran Cidade, cecáis de Barcelona, e idealiza, no reencontro, un pouco, o escenario.

A virtude máxima deste contador de historias, deste señor abade sin igrexa, é o uso dos recursos precisos pra comunicar, a nivel sinxelo, simple, a súa vivencia da aldea. Non é só a súa riqueza léxica — grande—, non é só o dominio —moi grande— da fala local, do galego comarcal; é algo máis. Manuel Rodríguez López, como narrador, ten ese don: comunica ben cos lectores, e supoño que os lectores pouco lidos entenderán moi ben estas páxinas e leránnas con especial fruición. Penso que van ser os personaxes da «novela» os mellores lectores, os mellores saboreadores do axeitado código empregado polo autor. Vai ser este libro, tamén, unha boa lección pros semiólogos e pros sociólogos da lectura.

Manuel Rodríguez López, que ten a paixón, un tanto inxenua, do discurso literario, aínda está pra máis mesteres.

XESÚS ALONSO MONTERO

En Sargadelos, 26 de Agosto de 1982

ADICADO A

Benito Villariño Penín, inspirador de moitos contos deste libriño.

REENCONTRO COA ALDEA

Ás tres da mañán chegaba a Sarria o “Shangai”, acaído alcume popular do “Expreso”, sempre cheo astra os cúmios, que recordaba greas de moitedumes a furrigar na cidade oriental. Unha brétema pecha xurdía do río da vila luguesa e non deixaba albiscar cousa ó lonxe. Os viaxeiros que chegaban ó termo, cal se compañeiros de viaxe que non voltarían a ver e os familiares, no andén, cos brazos en alto, abondaban as maletas e petates que lles botaban polo ventano.

O Xan non anunciara a súa chegada e encamiñouse soio á taberna do Loio, orixen do “Línea” que, tres horas máis tarde, levaríao á súa aldea.

Unha muller que —decatariáse calquera— acababa de coutar do leite, estaba arranxando o local.

— ¿I el pódeme preparar un café con leite?

— Nun santiamén, contestou ela cun deixo cantareiro e doce ós ouvidos do descoñecido viaxeiro.

Sentouse, agardando a se desaxunar, con máis sono que un mestre de escola á hora da sesta no vran. O río, as albres, as casas, todo canto había fora da taberna fuxía diante dos seus ollos, afeitos á lizgaira sucesión de paisaxes tras longas horas de tren. A taberneira desfacíase en preguntas. ¿De dónde viña? ¿Cánto tempo facía que non voltara a Galicia? ¿De cál casa era? ¿Curmán do Sidro? Ela coñecía e faloulle da Maruxa, dos cativos, de cando ían a Sarria á feira e paraban na súa casa, da señora Gumersinda que morrera facía tres anos...

—Moito me ten falado o Sidro do seu curmán e mira por onde... Pouco matinaba eu que eras o Xan mentado tantas veces eiquí!

Inda fallaba unha hora longa prá saída do “línea” e xa chegaban candidatos a pasaxeiros: Un becerreiro que uliscaba o choio. Unha muller cun mego ateigado de ovos. Un home con aguillada que, de certo, ía mercar unha vaca...

Era o Quince, feira en Paradela. Xan non o sabía. Dende pequeno vivira lonxe da súa terra. Só recordaba anécdotas. Como unha película pasaban pola súa memoria o mestre na escola, unha cobra tripada nunha corga, a Virxen da Doores en andías o día da festa, unha tarde á percura de niños con outros cativos, longas horas espreitando o que facían os paxariños, os sapos, unha topia...

De cativo revíase moito mirando o que facían os bichos: Un día andaba co gando e viu dous sapos, un dacabalo doutro. ¿Qué estarán facendo? —pensaba il— ¿Estaráanse namorando? Non era tal.

Coa vara que tiña pra tornar as vacas, afastounos. O pouco estaban na mesma: O grande, en vez de fuxir, achegábase ó pequeno que montaba outravolta níl, apreixoándoo coas pernas dianteiras. O Xan recordaba que se lle ocorrira pechalos nun caseto de pedras e palla e ós tres días fora a velos coidando que estarían mortos, pero seguían tal coal. Soperábaos e volvían á mesma. Mais o quinto día todo foi abrir o casoupallo e o sapo pequeno fuxir decontado. O grande morrera.

O Xan, dende aquela, ouservaba con degoro os sapos pequenos dacabalo dos vellos, decatándose que entre íles tamén hai xefes e pións que obedecen ordes. Os xefes son cativos, estortallados e noxentos. As vítimas, como era costume anterga, morrían sen laiarse. Todolos anos, cando chegaba febreiro, espreitaba os ponzoñosos xinetes e aledábase daquelas mortes. A sua aboa tññalle dito que, cando os rapaces lles tiran con pedras, íles cíchanos á cara ou ás pernas, de modo e de maneira que, se lles atinan, sailles coxo. E do mexo dos sapos vellos.

Iase enchendo o coche. O Xan, sentado a carón da porta de entrada da taberna, canso de tan longo viaxe, seguía tecendo lembranzas da nenez:

Unha noite ouvira castañolas debaixo da cama e, coidando que era o demo, acochouse cheo de grima, sen rebulir deica o día, mollando o leito todo coas sudas. A mai ía nun pobo veciño cabo dunha irmán recén parida e o pai, que pola noite andivera regando nos prados, en chegando ó romper do día, preguntoulle:

— ¿Ti mexaches na cama?

— Non mexei, non, contestara íl sen máis espricacións.

Logo, aquela mesma mañán esgazara na carballeira do crego unha canipa retorta e unha vez ben labrada, espetáralle un anaco de cana dun paraguas vello. Cunha chatola craváralle unha liga e o gatillo semellaba de fábrica. Cántas horas de traballo! Nen siquer tivera tempo pra comer! Pero o revólvere era xa un feito. A pólvora déralla o Paco do tío Euxenio, tras o acordo de lle atender a facenda... Con éxito, experimentárao cargado con cachos de pote e estourara forte.

— Ista noite, cavilaba, como volva o demo heino matar.

Serían as once cando se deitara. Metérase no leito, que estaba tal como o deixara o día de antes e, xusto dalí un pouquiño, ouvira as castañolas. E abranguendo o revólvere, cheo de carraxe, choutara do leito en percuro do malino. Apalpa deiquí, apalpa dalí, batera coa galiña...

Il ouvíralle falar ó señor Xosé María que o diaño transfigúrase amiúdo nunha pita e, arrouzado coa contundencia do revólvere, botoulle as mans —unha á cabeza, outra ás azas— empregando tanta forza tiña astra arrincarlle o pescozo. E todo ás escuras porque, daquela, alumábanse con candiles de gas e os mistos derramáraos pra cargar a pistola.

Morto o demo, volvera ó leito sen poder durmir cousa durante horas; pois según decían os vellos, o demo resucita. Pero, domeado polo sono, tras dúas noites sen pegar ollo, á mañán sorneaba como un leirón. E era día grande cando ouvíu ó pai:

— ¿Quén matou a pita, Xaniño?

— Fun eu. Estaba tocando castañolas debaixo da cama e coidei que era o demo.

Il botouse a rir.

— Boeno, hom, boeno. Agora veremos cando comerás máis ovos!

Outra noite vira, a carón da fiestra, en dereitura do seu leito, un home xigante duns dous metros, vestido con bata branca. Estarrecido, cismaba na maneira de abranguer o revólvere que tiña ós pés da cama, agachado nun caixón, por conta de que o pai non dera con íl e lle batera. A pantasma íase achegando máis cada vez. Se tivera a pistola a mau... Tremábanlle as pernas e o cerrizo. E guichaba sen refoigo debaixo das colchas como aquil home ou diaño dos infernos avantaba teso e paseniñamente atoutiñando nos pés do leito. Tal medo sentira que alancara deica a fiestra e chimpárase á corga, liscando a toda presa pra se entobar na erba da palleira e porse a salvo.

Cando ía ó monte cos velliños, cos que se daba moi ben, contábanlle moitas cousas do trasno. O señor Xosé María decía:

— Coido que inda hoxe hai moitos demos ceibes polo mundo e, se escribira as trasnadas que me xugaron, faría un libro grandísimo. E todo verdades.

O Xan dáballe creto porque sabía de fixo que os vellos non minten. O home que fora cabo dil era o demo. Pra escorrentalo berrara: “Xesús, María, Xosé”; pero co medo non pronunciara ben. Por iso alancaba cara íl coma se tal cousa...

O Xan, despois de tantos anos, lembrábase aínda daquela noite e non lle desexaba a ninguén que pasara outro tanto. Os recordos seguían marteleando na sua testa: O día que o pai lle batera por romper un reló —qué amigo era de estribillar nas maquinarias!—; os contos do señor Xosé María a carón da lareira namentres se asaban

os bullóns... e anceiaba que chegara o intre de ver aqueles eidos que perduraban no seu relembro embazados no tempo e sen poder albiscar as suas verdadeiras xeometrías.

O Xosé, cobrador do “Línea”, franco íl, moreno e a cara chea de saúde, rubiulle a maleta ó coche e comprometeuse a avisalo en chegando a Paradela.

Os ollos todos pousábanse no forasteiro: ¿Quén sería aquel mozo que se admiraba dos soutos e prados; das veigas surcadas por abondosos regueiros; das carballeiras maxestuosas; das casiñas labregas, unhas veces lonxe na faldra dun castro, outras ó longo da carretera; das mulleres e mozas con panos bermellos, marelos ou negros na cabeza, con zocos e medias de lán; dos homes con traxes de pana e boina? ¿Quén sería aquel rapaz que falaba un galego sen música, que lle choutaban os ollos mirando ora á dereita ora á esquerda?

Algo sentía que os demáis —por normal e cotidiano— non sabían valorar. O Xan chegaba de terras moi diferentes. Eran moi outros os ermos que cinguían á cidade infinda e sen posible comparanza cos outeiros e castros galegos exuberantes e ricaces en todas as gamas clorofílicas... Quizabes algún dos pasaxeiros tivera sentido o propio, en chegando á Terra tras longos anos de emigración, e somentes íl podía decatarse da morea de vivencias e sentimentos que remuiñaban na testa do mozo.

O Xosé berrou:

— Paradela!

E na revolta da carretera apareceu un pequeno pobo de casas lousadas.

O Xan apeouse e un rapazolo, moi espilido íl, indicoulle o camiño da casa do Sidro:

— Sigue de fronte e, ós dez minutos, atoparás catro casas. E a que ten unha figueira diante da porta.

As silveiras eran paredes altas ó longo da corga e os graníticos penedos amosaban as seculares rodeiras do carro romano. O Xan sentíase mergullado nun feitizo embebedor e, cando no cimo da costa ollou as catro casas, como se saíra dun soño, recordou, afervoadado, a nenez xogando naquila aira e sentiu a ledicia do sabio que, tras longos anos de pescudar, se súpeto, dá coa fórmula presentida, nídia e escintilante.

As herbas medraban entre lousa e lousa da aira, enfeitada de branco polo rocío da noite. O lonxe ouvíase o chiar dun carro, o primeiro quizabes, que roldaba na

parroquia. Unha vaca despriguizábase na corte a carón da casa. O sol, teimando saír dos brazos da brétema, semellaba unha roda xigante de lume.

O Xan deu tres petos no vello portón e axiña ouviuse renxer de ferrollos e apareceu a muller do Sidro.

— Xan, berrou fundíndose con íl nunha longa aperta. Qué ledicia! ¿Cómo non escribiches?

— Quíxenvos dar a sorpresa.

— O Sidro cando te vexa... Fai un chisco marchou por un carro de xestas pró forno. Hoxe cocemos.

— Moito madrugades. ¿E os pequenos?

— Logo se erguerán. Qué canso debes chegar!

— E qué sono! Pero douno por ben empregado!

Entraron. Facía anos que non vira unha lareira e aquela cociña afumada, o cunheiro, a artesa, os bancos, o escano e as mouras paredes non lle causaron extrañeza. Todo semellaba un museo. Unha reliquia das Xeórxicas de Virxilio.

A Maruxa prendeu lume nun toxo e, arrechegándolle uns guizóns, puxo o pote no trespés pra facer o desaxún.

Cánton arcaísmo! ¿Da idade media? ¿Dos romanos? ¿Cántos séculos tiña aquíl xeito de vida? E, con todo, atopábo natural. Qué diferenza coas cociñas da cidade!

Espertábanlle pouco a pouco as lembranzas durmidas: Os longos invernos de friaxe e neve, o forno estoupando nun inferno de muxicas, a ilusión posta nos bolos de pan, as biriscadas á luz do candil, os cachelos fumegantes, o caldo fervendo nas cuncas, a caldeirada prós porcos, un meniño durmindo no escano, contos de medo...

Os pequenos ouviron á mai:

— Ai, nenos. ¿Va que non sabedes quen chegou?

Tiráronse do leito coma lóstregos pra coñecer ó primo. Eran moi feitiños: O Sidriño, de oito anos, e a Maruxiña, de sete. Moreno íl, éla branquiña e coas meixelas bermellas cal se tivera dúas mapoulas na cara.

— Sidriño, mandoulle a mai, vai decirlle ó papai que veu o primo. Anda axiña!

A FEIRA DO QUINCE

No campo da feira os paisanos falaban, berraban e xuraban as ventaxas, os pros e os contras dunha vaca, dun becerro, dun reco ou dun carneiro pra, despois de longa retesía, rematar o trato estreitándose as mans. Os becerreiros fachendeaban de carteiras ateigadas de billetes. As pulpeiras pregoaban a súa mercancía gastronómica. As tabernas rebordaban de feireantes, sentados diante das talladas de pulpo e de grandes cuncas de viño a reverter. E o paseo era un formigueiro de xente.

O Sidro, a súa muller e os cativos locían as millores roupas e sentíanse fonchos na compañía do Xan, un verdadeiro forasteiro na aldea por mor da curta idade que tiña cando emigrara. O Grilo, coa muller e a filla, tamén andaban no paseo. Houbo presentacións e os dous matrimonios, grandes amigos, xa non se sopararon.

O Xan agradoulle o xeito da Sara. A filla do Grilo era unha rapaza grosiña ela, de ollos grandes e mouros, labios carnosos, bermellos e sen nengunha clas de lardumiadas. O primo do Sidro sentíu o engado da súa fermosura. Ela tamén, no fondal da alma, notou por primeira vez unha vivencia descoñecida deica entón.

Cando os pais da Sara e os curmáns do Xan entraron na taberna do Freixo, íles seguiron no paseo: Mozas con panos na cabeza, collidas do brazo, abranguían a carretera dunha a outra banda, seguidas por fatos de rapaces que ruaban con elas bromeando barulleiros.

O Suso era o rapaz máis arrufado da parroquia. Con íl todos rían. Era moi farreante e moi estrevido. Sempre se alcontraba onde había troula.

— Ai, Rosiña, ¿quén che fixo esa bata?

— Ista veuche de París.

O Xan adivirtíase naquíl ambiente popular de barullo franco e ledó...

Ceibándose dun enxamio de cativos que enredaban entre mozos e mozas, achegóuselles o Sidriño:

— Co diñeiro que me deches merquei roscas. Comede. Son da rosquilleira de Pombal.

As palabras “Rosquilleira de Pombal” despertaron no recordo do Xan durmidas lembranzas da súa nenez cando a señora Xobita agasallábao con lambetadas. Inda eran algo parentes, pola mai, que a tiña mentado en moitas ocasións na gran cidade.

— Sara, ¿por qué non imos saludar a rosquilleira?

— Imos. Eche moi amiga da mocidade. Anque por veces amolámola.

Furtámoslle algunha rosca e ela enrenégase toda.

— Seica hai moitos anos que lle morreu o home de maneira estraña ¿non sí?

— Andivo nas bocas da xente un conto que non sei qué poida ter de certo. Iles non tiñan fillos e vivían soios no lugar de Pombal. O home era moi fumador. De casa probe, somente tiñan dúas vacas e unha besta. Aconteceu que unha noite ouviron a besta andar ós pinotes no curral e o señor Xaquín ergueuse e baixou por ver qué pasaba; pero, en canto se lle achegou, a coitada porou de louquear e púxose mainiña. Estaba anagada en sudas. Acomodouna con toxos mazados e unhas presas de millo e volveuse ó leito; pero, de súpeto, cazolas, pratos, cuncas e potes deron en chacolear na cociña con gran estropicio e nóvamente correu o dono acolá; mais non viu nada. Sospeitando que sería cousa do diaño, deitouse e, anque seguiron as trasnadas pola casa adiante, non se estremeceu. Pola mañá a besta apareceu coa crina e o rabo encerellados e determinaron de rapala e, á noite seguinte, como o demo non puido repetir a mesma falcatuada coa besta, encerellou o rabo das vacas.

O Xan surriu agarimoso e a Sara seguiu contando, namentres camiñaban de vagar.

— O señor Xaquín foi e rozou un carro de toxos arnáus; estrou o curral e, logo, ciscou unha tega de liñaza. De noite ouviron nóvamente o troupeleo e íl, que era un home moi arrouzado, amedoñou ó trasno:

“Ou colles a liñaza toda grau por grau, demo, ou non tornas máis pró inferno!”

Con que a mañán cedo o diaño debía informar ó Demo Maior, non puido demorarse en facer trasnadas e, botando pragas e xuramentos, apañou a liñaza espiñándose todo e fuxiu decontado.

Co escarmento tardou días en voltar pero unha noite, que estaba facendo as fillóas, entrou un home langrán pola casa adiante sen chamar e berroulle:

— Ista aldea ¿é Pombal de Guimarás?

A xente, que estaba ó pé do lume, estarreceu en vendo como, asegún falaba, botaba faíscas pola boca; pero o señor Xaquín, destemido, persinouse e rezou enrabechado:

“Xesús, María e Xosé!”

O home ceibou un estrondo, desaparecendo nunha nube de fume mesto que cheiraba a podre.

— Eres moi dramática, interrompiu o Xan.

— Eu cóntocho asegún mo dixeron. Axiña remato. Atende:

Deloutro día, de mañán cedo, a señora Xobita foi por unha ola de auga e, de volta, atopou a casa en chamas. O señor Xaquín, que quedara no leito, morrera ardidado e a coitada muller, arrebatada do xuicio por tamaña desgracia, aínda viu o demo fuxir polo tellado berrando:

“Por botar a liñaza, isto é. Je, Je, Jé.”

Os ateos do pobo non dan creto ás palabras da rosquilleira e aseguran qe o señor Xaquín acendera un pito e quedara durmido, prendendo lume nas roupas e na casa toda co raio do tabaco. O que sí foi verdade é que íl ardeu e falouse do caso moitas légoas á redonda e aínda hoxe se lembra aquela desgracia. O primeiro, sospeitábase que a señora Xobita louqueara. Emporiso, pouco a pouco, foise refacendo e, coas roscas gáñase a vida. Non hai romería nen feira onde ela non acuda.

O Xan non lle desagradou o conto e seguiron abríndose camiño entre os feirantes deica chear onda rosquilleira.

— Calquera te coñecía, Xaniño!

— Non pasan os anos en valde, señora Xobita.

— Eras un cativo cando marchaches prá cidade. ¿I el viches aló a miña sobriña?

— Faille tempo que non a vin, pro estar está ben.

— Un día tés que xantar na miña casa. ¿Por qué non vés de hoxe en oito?

— Xa veremos. Estoulle convidado por tanta xente... Primos, tíos e coñecidos queren que vaia cabo díles. Non terei horas abondo.

— Queda dito que virás o vintatrés. Teño moi boa acordanza da tua mai. Virás, ¿non sí?

— Veremos. Se houbera cousa en contra, mandaríalle razón.

— Quedamos niso. E a ver se tés unhas vacacións completas. Paradela é unha terra de mozas que namora... Vexo que acertaches axiña.

— A Sara non lle me quere.

— Xa mo diredes máis adiante. Vou vella e péscoas no aire ¿non sí Sara?

— Inda lle son moi nova e presa non teño. E máis: Non nos coñecemos cáseque.

— Iso chegará pouquiño a pouco. Recomendochá, Xan!

— Moitas graciñas, señora Xobita!

Seguiron a pasear. Comenzaba a escurecer e a xente ía marchando. Só quedaban algúns mozos e mozas. Chegaron á revolta da corga do Eirexario. Uns toxos enormes agatuñaban cara o monte. A lúa escomenzaba a rubir lixeira noite adiante. Ninguén arredor. O Xan cinguiuna polo van e sen deixarlle tempo a nada, deulle un bico longo nos labres.

— Xan, ¿qué fas?

— Qué fermosa és!

— Iso é pecado!

— Quérote, decraroulle.

— ¿Por qué me engañas?

— Dígoche o que sinto.

— Non señas mentireiro. Coñécesme hoxe e ¿xa me queres?

— Hoxe coñezo Galicia tamén e ¿quén me apunará que lle non teño agarimo? ¿Crés que estou soñando? Iestas maus tuas que toco ¿son mentira?

Todo eisiste. Non soñas, non; pero ¿qué coidas de mín? Nunca un home me deu un bico!

A Sara botouse a chorar. Dezasete anos tiña. O Xan estaba seguro que contaba verdade. Cos dedos agarimou os ollos bagüentos daquíl anxo e o remorso percorreu o seu corpo. De súpeto, un rebulir de follatos fixo que se puxeran á espreita e viron saír do toxal unha parella. Encorváronse tras dunha cañota e a lus amostroulles o Suso e mais a Rosalía que, no cimo da corga, viraron á esquerda. Ian ben encenegados, abofé.

A CARON DA LAREIRA

O Casabaxo era célebre en Paradela. De cativo, a sua mai, que andaba a pedir polas portas, deixárao na casa do Fontela, que o recolleu por caridade, pois facía frío crú como non se coñecera había moitos anos.

A mai seguiu de porta en porta e nunca mais apareceu a probe. Falouse moito de que a comeran os lobos en terras de Castro de Rei. Sabediós!

Chamábanlle o Casabaxo porque, cando lle preguntaron de ónde íl era, pronunciaba “Casabaxo” en troques de “Casa de Abaixo”. Non deprendera a falar coma os demáis por mor dun enfriamento que o tollera cando andaba a durmir nas palleiras coa sua mai. Tampouco lle rexía moi ben a cabeza e non fallaba en ningunha biriscada, romería ou toque de campás.

Xuntáronse na casa do Sidro o Suso, o Barxa e o Xan. Os cativos durmíranse no escano e os homes estaban a botar un tute cando petaron na porta. Abriu a Maruxa. Era o Casabaxo.

—¿Onde vas a istas horas?

— O Suso díxome que viñera xogar un tute.

— Pasa, logo, pero o caso é que xa che son catro.

— Dáme igual.

O Suso berroulle:

— Caíches ben. Ti vas por viño e, logo, xogas. ¿Non sí?

— Vou, ho, vou!

A noite era pecha e o rapaz cargou co garrafón e alá se foi a taberna do Nai. De volta, pediu xogar e xogou; pero inda ben non valeirara un vaso que xa o Suso lle enchía outro. E... o que alí contou!

A Leiteira —así alumaban a unha rapaza que lle acaían tódolos homes— axiña xurdiu na conversa. Ela despertara os folgos carnais do Casabaxo. O Suso, coa axuda do viño, tiroulle da lingua e o coitado palicouno todo.

Corrérase que a Leiteira apañara unha enfermidade segreda e facía tempo que ningún home da parroquia se lle achegaba; pero unha tarde que o Casabaxo andaba coas ovellas no Trobo, acertou a pasar éla e algo lle rebuliu no maxín que se estreveu a abrir os ollos do rapaz. Il non comprendería endexamáis o porqué —primeira e derradeira vez— daquela entrega carnal. Embebedouno con tódolos praceres. Por única vez o Casabaxo apalpou e viu uns peitos de muller e gozou afanoso a carne da Leiteira. As ovellas comeron, a se fartar, o centeo, inda noviño, do Barxa e a natureza espertou no mozo con folgos desaforados. Todo o pobo enterouse do feito e boa proba era o centeo comesto e a mancha que lle vira á rameira no lado dereito do embigo. Ningún puxo en dúbida o que íl contaba con grande valentía. Tal foi a maneira de probar a falsedade das doenzas venéreas da rapaza.

En vendo que nada lle pasara ó Casabaxo, xa os homes rondaban de novo a casa da Leiteira. Il fixo por se atopar coela moitas veces e astra lle ía a Sarria pra recoller encargos ou pra levarlle as cartas a un vello solteirón que, ó cabo, casou con ela; pero o coitado xamáis tornóu a probar muller.

— Estaba boa, caracho. Non hai muller coma ela.

— Casou co Sarria polos cartos, engadiu o Suso con sorna.

— A min quería ben. O que pasa é que son probe.

Houbo risas e o tateo, cos ollos brillantes e as coores do alcohol nas meixelas, seguiu a falar, con fachenda, da súa primeira experiencia carnal.

MOUROS TRASNOS E TESOUROS

Pola mañán o Sidriño levou as vacas á Fontebranca. O Xan acompañouno. As dez cando o sol escomenzara a quentar, voltaría coelas e irían á casa da señora Xobita.

O Xan tiña interés en ouvir os contos do señor Xosé María que, de moi cedo, pasara coa facenda por diante da casa. Atoparon ó vello lendo un libro que seica trouxera das Américas e trataba de horóscopos e mil ciencias segredas.

— Ouvia, señor, i el contaranos daqueles contos de mouros que vostede sabe? Preguntoulle o Xan.

O señor Xosé María era un gran falador e gustante de engadar ós demais coas súas historias. O gando pacía agustiño e o vello escomenzou:

Iamos tres amigos polo río arriba ás troitas. En chegando ó pozo da Férveda, cando estabamos máis encenegados, ouvimos tecer teares e dixo o Delmiro:

— Eiquí é onde contan os vellos que viviron os mouros.

Inconscientes e estrevidos, gabeamos polos penedos e entramos por un oco, arrastrándonos con moito esforzo, deica chegar a unha poza. Espreitamos un bon anaco. Non se vía cousa. Sacámoslos cintos, enrestrámoslos e, namentres o Daniel tiña conta díles, o Delmiro e mais eu baixamos.

Non había ninguén. Os moros, ó decatarse da nosa afouteza, sumíranse. Acendemos un misto e vimos unha lacena. Era un encanto de xeitosa; pero, de súpeto, ouvimos uns petos no chan. Ei pés do demo!

Se vírades qué maneira de agatuñar polos penedos pra fuxir!

Fora, alasando polo esforzo, outra vez ouvimos tecer. Xa tornaran prá casa. Non voltamos por alí endexamáis porque collemos medo. Os mouros súmense como as meigas.

Tamén decían os vellos da Torre que na Férveda había unha trabe de ouro; pero eu coido que haberá moitas máis. Os mouros marcharon e o ouro quedou. Non podían con todo e deixárono moi ben soterrado. A min contárame o tío Camilo da Veiga, Diolo teña no ceo, cómo hai que facer pra atopalo. Hai un libriño que dá razón dos sitios onde sealcontra o ouro. Lendo nil, escomezando polo cabo, aparécese a moura que o garda. Lendo no libro, cando se chega a unhas letras de formas gregas, a moura abre as portas e dá todo o ouro que tén baixo nove chaves. O metal precioso ben sei ónde está. Hai anos achábase cavando xunto dos penedos; pero agora está en forma de encanto. Quen teña o libriño, que vaia á Férveda. Alí hai ouro.

— Será cousa de pescudar nas librerías de vello, cortóu o Xan.

— O libro hai moitos que o teñen, asegurou o señor Xosé María, o que pasa é que ninguén o lé porque está moi velliño e non lle dan aprecio. Quen o teña vive rico sen decatarse.

— Cóntenos o do carneiro e o dos carbóns, pediu o Sidriño.

O vello surriu e, despois de guindarlle un coio á Marela, que collía cara os piñeiros novos, prendeu lume ó cigarro e seguiu:

Nunha casoupa, na vagoada dun lugar que lle chaman A Lucenza, vivía soia unha velliña. Non tiña máis que oito ovellas, un castrón e unha cabra. Un día determinou levar unha tega de millo ó muiño pra facer papas co leite da cabriña. E foise aló.

De volta, empezou a chover e, polo camiño, á veira dun lameiro, atopou un carneiro todo molado e fungou a vella:

— Coitadiño, qué mollado estás! Eu tamén che me mollei toda; pero polo menos xa gañei o día e agora teño un carneiriño!

Botouno ás costas; pero pesaba moito. Estaba coma o trollo.

— O que pesa! —falou pra sí— Está groso!

O chegar á casa, pousouno a carón da lareira e fixo forte lume pra que se secara e pra quentar o caldo. Sentouse agusto, ben escarranchada e o carneiro, que tal viu, berrou:

— Cucurucú, que che vexo o cú!

A vella, ó sentir falar o carneiro, rezou alporizada:

— Xesús, María e Xosé, arrenégote, demo!

E o carneiro liscou aturulando e a casa quedou apestando a xofre.

— Hai que ver as cousas que pasaban daquela, dixo o Sidriño.

— Naquiles tempos, explicou o señor Xosé María, o demo facía moitas trasnadas porque a xente era crída e de boa fe. O demo abusaba da súa bondade e por iso noso Señor Xesucristo, cando se decatou do falseiro que íl era, chimpouno ó inferno e pechoulle as portas por fora e, dende aquela, non se volveu a ver o díaño por ningures. Moito temos que agradecer a noso Señor. A velliña, recalcou, coñecina cando era pequeno. Ela andaba coas ovellas no monte e eu coas vacas. Ouvínlle moitas veces a historia do carneiro. Era unha muller moi seria e nada mentireira.

— Cóntenos outro de mouros, pediu o cativo.

— A min gústanme máis que os do trasno, engadiu o Xan. Parecen máis verdadeiros e dan espranzas de que algún día podemos atopar un tesouro.

— ¿Quén sabe se daredes con íl? Vós sodes novos e tedes moito camiño por diante pra percuralos, asegurou o señor Xosé María.

Os rapaces sorriron incrédulos e o vello segiu:

Na vagoada dun outeiro que hai preto daquíl mesmo lugar, vivía un matrimonio cunha filla moi feitiña. Unha noite, polo San Xoán, a mai enfermou e ós oito días morreu. O home, soio coa pequeniña, non tiña outra que mandar a filla co gando; pois íl non daba atendido a todo.

As vacas remoscábanlle a cada intre e a pequena fartábase de chorar.

Pola noite preguntoulle o pai:

— ¿Deuche moito traballo o gando?

— Deu. Andiven sempre corre que te correrás atrás delas.

— Pois mañán, mandoulle íl, agarimoso, irás ó Coto; que alí paran moito.

A rapaza fíxoo así e botou as vacas pró Coto.

Cando creu chegada a hora de recollelas, contounas e falláballe a Pinta... Chorou mil chorares a coitada e, neste que se lle apareceu unha velliña moi negra.

— ¿Por qué choras?

— Porque perdín a Pinta, contestou con grandes alaios.

Agarimouna a vella e díxolle:

— Anda acó e non chores, que as vacas velahí están as duas.

Logo, achegándoselle, preguntou:

— ¿Non tes quen te peine?

A coitada explicoulle que era orfa de mai.

— Boeno, pois ven tódolos días por eiquí, pregoulle, que che gardarei a facenda e peinareite; pero non digas nada a ninguén. E engadiu:

— Toma istes carbóns e non os mires deica chegar á casa.

Seguiu ó pé da letra o seu mandato e, ó chegar, viu que os carbóns eran moedas de ouro e gardounas nun huchete.

Pró outro día volveu ó Coto e tornou a xunto déla a vella, que a peinou e deulle máis carbóns. A meniña ía tódolos días alí e xa tiña a hucha máis que mediada de ouro cando unha serán o pai preguntoulle quén a peinaba. Ela non llo quería contar; pero teimoulle tanto que ó cabo díxollo.

O día seguinte foron os dous; pero a negran non apareceu máis nunca. Emporiso quedaron ricos pra sempre.

A velliña era unha moura. Naquiles tempos, pola Cidá, había moitos mouros. Ouvíase tecer, como xa teño dito, nos enormes penedos; pero os mouros súmense cando se lle achega xente. Iles eran moi ricos e tiñan moito ouro. Fixeron o castelo da Torre de Porqueira e, cando remataron, tiraron os picos a Sandiás e alí fixeron outro. Dende Sandiás tiráronos á Pena e ergueron íste. En acabando, tiraron novamente as ferramentas que foron dar ó que hoxe é o Castelo de Monterrei. Os mouros tiñan moita forza. Cando camiñaban pra a súa terra, ían cantando:

— Adiós Cidá de Antela, cánto ouro e prata nos queda néla!

O ouro, como pesaba moito, deixárono agachado nas fontes, nos penedos e nos ríos. Algunha vez, sendo rapaz, denantes de coñecer a virtude dos carbóns, tíñaos ollados na miña bisbarra. Xa sabedes que eu son do Xinzo e viñen a ista terra cando o meu pai casou de segundas.

— Sabemos, sí, señor, dixeron os rapaces.

— Pois ben. Eu non os collía porque non sabía o mérito que tiñan. O señor Camilo da Veiga, Diolo teña na groria, apañábaos todos. Tiña tanto diñeiro graciñas, segundo contaban, ós carbóns que se lle tornaban pesos de ouro. Non había cousa que íl non soupera porque estudara o Ciprianillo.

— Cóntenos máis, demandou o Xan.

O señor Xosé María sacou o reló.

— Inda é cedo, pregoulle o Sidriño.

— Van outros dous, logo, dixo o vello.

Na víspera de Sant—Iago, eu era aínda un cativo, andaba co gando no monte. Quentaba moito o sol e funme pór á sombra dun penedo que lle chaman o Penedo Raxado. O porqué de lle chamar así é porque eran dous penedos xuntos que semellaba talmente coma se os tivera partido un raio. Facía moita sombra e, como as vacas paraban ben, quedeime durmido e cando despertei vin que estaba un meniño a carón de min.

El era moi negro. Nunca vira un rapaciño tan mouro. O que máis me chamou foi que falaba galego coma nós. Fixémonos amigos decontado e puxémonos a xogar. Andaría nos sete, e decateime axiña que era moi espilido, con todo e ser tan novo. Tamén era moito da broma e sempre estaba rindo.

Levábamos un anaco xuntos cando, non sei por qué, mirei cara o penedo e vin un home moi velliño. Tiña unhas barbas que lle chegaban ó peito e un chapeu aldraxento, cheo de buratos. Da cara samente se lle vían os ollos e a boca. O demáis todo era pelo.

Gañei tanto medo que boteime a correr; pero o vello colleume polo ombreiro e dixo:

— Non fuxas que dareiche moitas cousas.

Tremaba. Mais, pouco a pouco, fiome gañando a sua bondade. Deume unha navalla moi feita que puña “Albacete”, unha pelota que tiña dibuxada unha media lúa e un tiracoios. Logo, astra que se puxo o sol, estivo contándome historias. Eu espreitaba ben ó vello; pero fai desto tantos anos que esquencéronseme as máis delas. Só me lembro que dixera:

Cando nos botaron desta terra, fiquei eiquí co neto, coidando que os meus compañeiros tornarían. Pero desengañeime que non voltarán. Agora emigramos nós tamén; mais vouche contar un segredo e, se o gardas, serás rico. Cando señas mozo, vés cun pau de carballo, mételo entre os dous penedos e gurra ben, que tirarás un. Debaixo atoparás un pozo pequeno ateigado de ouro. Ven ti soio; porque si ves en compañía de calquera outro, non hacharás ren. Eiquí quédache un goberno pró día de mañán

Eu fiquei moi contento porque o meu santo era mercar unha bicicleta cando fora maior e xa sabía dos cartos.

Fóronse o vello e máis o meniño. As vacas non aparecían por ningures e levei moito apuro; pero cando cheguei á casa xa elas estaban na corte. Non sei qué démoros me tentaron que paliquei todo e non deron creto ás miñas palabras astra que lles enseñei a navalla, a pelota e o tiracoios.

O meu pai encendeu un fachuco de palla e alá que nos encamiñamos, pola noite, con paus e sedeños. Despóis de grandísimo esforzo, derrubamos o penedo da dereita. Estaba o pozo tal como dixerá íl. Pero só había unha pota valeira.

Fun ben parvo! Se non houbera contado o caso, alí tiña unha América. Daquela os mouros decíanlle o ouro a quen lles parecía. Era xentiña moi boa. Porque eran negros botáronos do país. Pasou naquíl tempo o mesmo que agora acontéz en Norteamérica. Só triunfan os brancos. E ó que percura polos negros, mátano. Se fixera caso do mouro, hoxe vivía de rendas. Quizabes seña un escarmento o ter que traballar día e noite dende fai tantos anos.

O señor Xosé María, vendo con satisfacción que os contos agradaban ós rapaces, tirou a colilla, cuspiu no chan e dixo:

— Vai o último. Logo non veñades con que vos conte máis. Non seña que remosquen as vacas.

Unha serán chegaron dous homes moi negros, con dous cabaliños coma tizóns, a unha aldea que se chama Penín, perto de Xinzo ed Limia, e preguntaron pola fonte que hai no monte. Unha vella encamiñounos e rubiron deica aló. A xente espreitaba ós forasteiros. Facíalles moita novidade porque eran negros igoal que o pez. O chegar á fonte, sen máis, deron volta pra descansar xa que, ó romper do día, tiñan que seguir viaxando.

Pola mañán, o patrón da pousada preparoulles o chocolate e foinos despertar pra que almorzaran.

¿Cál non sería o seu abraimento ó atoparse sen os hóspedes?

O home, que xa se maliciara, determinou de ir á fonte e atopouna feita un cisco. Andivo pescudando arredor e deu con tres xerros de barro grandes, nun dos cales había dúas moedas, e volveu prá casa cavilando nos viaxeiros dos que enxamáis tornou a saberse.

Sen dúbida foran recoller o ouro. Habían ser mouros que, cando marcharon das nosas terras, deixárono escondido. Deron con íl gracias á vella que lles indicou da fonte, pois xa se tiñan esquencido do sitio.

— Non lles debera decir déla, dixo o Xan.

— Non por certo, engadiu o Sidriño, erguéndose.

— Por aquelas terras, afirmou o señor Xosé María, téñense dado moitos casos distes. Na torre de Porqueira vivían moitos mouros. Non sei qué pudo pasar pra que os desterraran a todos.

A MALLA

O Fidalgo foi o primeiro en alugar a máquina, e o Xan, que anceiaba ver mallar, alá que se foi. Cento cincuenta fanegas de pan daban traballo pró día inda que se xuntou moita familia: mulleres, homes, mozos e mozas e tamén cativos. Na casa, as donas tiñan un trafego de mil diaños pra preparar xantar pra tanta boca. Na aira, o Suso carretaba na palla, o Sidro facía no palleiro e as rapazas espallaban ou sacaban os coños. Aquelo era un remuíño de xente baixo un sol de lume. E o persoaxe máis popular era o señor Xosé María, que metía o pan na máquina.

Todos o tiñan por moi entendido e por home experimentado na vida. Il, pra demostrar a súa sabencia, requeaba latíns coma os cregos. Tamén era gran amigo do abade, un vello do seu tempo. Comía as rans e, cando ía ó monte co gando, sempre andaba arrodeado de rapaces porque pagáballes a ducia a seis patacóns. Sendo mozo, emigrara a Bós Aires, a onde, pouco denantes de voltar á Terra, mercou vinte zapatos do esquerdo, aproveitando unhas grandes rebaixas. Con mirar pró chan, ó ver na lama pegadas do mesmo pé, sabíase de fixo por onde collera.

Un día de sementeira, á noite, de volta prá casa, a burra non lle quería entrar no curro e cando cansou de lle bater, en véndoa fuxir pola corga abaixo, berrou:

—Carano pró demo! Ogallá te coman os lobos!

E así foi. O outro día uns rapaces vírona aínda viva, pero medio comesta do lobo. Fora unha praga; porque naquíl tempo, pola bisbarra non se sabía o que era unha alimaria.

O tío Xosé María era moi sabio. O que íl decía case que pasaba sempre. Tamén entendía moito do tempo. Cando ía chover, sabíao. Todos lle preguntaban: Tío Xosé María, ¿choverá? E il sempre acertaba, de quitado un día de seitura que lle pediu a sobriña:

—Tío, ¿Choverá hoxe?

E púxose a mirar ó ceo e asegurou que tería un día moi bon.

Pola tarde choveu a ballón e, cando chegaron ó pobo, decíalles a xente:

—Vides bons!

—Quen ten a culpa, berrou a sobriña, é o raio do vello!

Il xurou que non tornaría a pronosticar o tempo. E tal dito, tal feito.

Noutra ocasión, por un Quince, ergueuse de mañán cedo e acomodou as vacas coa idea de ílas vender. En canto se enchían, almorzou, aviouise, calzou dous zapatos desaparellados do esquerdo e colleu a caxata. Abriu a porta do curro e afalou ás vacas pra xunguilas; mais quedou cavila que cavilarás e dixo:

—¿Pero eu ónde vou convosco? Pra decir que arades, non arades. Pra decir que dades leite non dades ningún. Así que, carano pró demo, non irei á feira. Denantes de engatusar a un parvo, millor será pensar nos nabos.

Foi arar á nabeira e, de volta, as vacas remoscáronlle e o tío Xosé María corre que te corre detrás délas. Cando as alcanzou, púxose a camiñar dediante. As vacas, daquela, non lle andaban. Entón berróulles:

—Con razón ou sen razón, cartucho ó canón! Quedades eiquí prá tarde e así non teño o traballo de darvos de comer.

Deixounas, e á tarde, cando saíu da casa e as viu diante do portón, preguntoulles orgulloso:

—Ai ho! ¿Seica extrañades ó amo?

Un día que viña con outro home aló do Páramo, cando chegaron ós prados do Bricheiro, serían as tres da mañán, estaban moi cansos e sentáronse nunha peneda. Nesto que viron un cabaliño novo e díxolle o señor Xosé María ó seu compañeiro:

—Chacho! Ise caeu do mellorciño! Traino, que montaremos acabalo díl astra a Ferrería e logo dámoslle un pau e que vaia a facer arolas.

O outro home, que era o Xosé Ramón de Trebolle, foi a collelo e o animal quedouse mainiño; pero cando o señor Xosé María quixo montar, tornouse grandísimo. Achegábaselle o Xosé Ramón e volvía ó seu natural. Só que fixera por botarlle a man o vello, e medraba a besta o dobre. Non atinaban a comprender o porqué daquil misterio; pero o cabalo ben sabía que o señor Xosé María traguía un rosario no bulsón e o compañeiro non levaba nada bendito. Non se decataron do caso e foi de modo e de maneira que decidiron ir un dacabalo e outro a pé.

Todo foi montar o Trebolle e a besta do demo botarse, corre que te correrás, pola corga abaixo cara o río. O home moito berraba pero o cabalo non se domeaba e, en chegando ós prados do Bricheiro, alancou dereito ó pozo do Xervasio.

O Xosé Ramon sospeitou acertadamente que era o demo e pregou:

—¡Xesús, María e Xosé!

E, no intre, o cabalo tirouno nos prados e íl, rinchando, chimpouse no pozo.

O tío Xosé María, distes casos déronselle moitos; por iso sempre andaba prevenido e traguía o rosario no bulsón, porque, naqueles tempos, aseguraba íl, o demo andaba solto e aparecía onde menos pensaba ún. O que sí é certo, nunca mancaba a ningún. Somente gostaba de facer trasnadas.

Outro persoaxe interesante da roga era o Aviador. De nome chamábase Rosende e de alcume O Aviador, porque a primeira vez que albiscou un avión no ceo da aldea, quedouse pampo ollando como voaba e, sen agardar a máis, argallou unhas azas feitas de xuncas e díxolle ó irmán.

—Acompáñame, que vou voar.

Marcharon os dous ó lameiro do Cabo e foise il e agatuñou astra o cimo dun ameneiro, mangou as azas, abriu os brazos e botouse a voar caendo a plomo no trollo, enterrando a cabeza astra os ombreiros.

O irmán tivo que arrincalo da lama e, cousa de cinco minutos, o argallante ficou sen xuicio estalicado no chan, namentres o Cosme lle mollaba a testa pra tórvalo en sí.

En canto lle veu o acordo, dixo:

— Non volvo a subir a un ameneiro. Se ti non foras, morría coa cabeza espetada no trollo.

Esto pasou polo ano dez e, dende entón, o Rosende era coñecido por «O Aviador». Il era quen tiraba os monllos dende a meda. As sudas caíanlle polas meixelas

astra o pescozo, enrodelado nun paño pra impedir que lle entraran arganas polo peito abaixo.

A xente estaba negra coas sudés e o pó. A máquina rumbaba sen parar. Falábase a berros. Os porróns de auga fresca corrían de man en man. Os pequenos trouleaban erguendo, os máis estrevidos, as saias ás mozas ou guindando mazáns ós máis atafegados no labor.

O Xan vía toda aquela remuiñada de xente, que formigaba, uns carretando sacos de centeo, outros facendo no palleiro, donas apartando os coaños e o patrón atendendo que non fallara o vino e dando presa ás mulleres pro xantar.

Cada tres horas dábase unha comida. Primeiro o almorzo, logo o xantar, despois a merenda. Había que engraxar os bandullos e os eixos pra resistir. Qué traballos! Había que ver a xente de Paradela na seitura, nas bouzas, nas mallas... riseiros, bromistas apesares de todo. E as mozas aquelas traballando a par dos homes! O Xan lembrábase das señoritas da capital, enlardumiadas, coas faldras derradeira moda, por riba dos xionllos, ensinando as pernas ó rubir as escaleiras do «metro», ou con pantalóns ben axustados marcando as nádigas polos parques da cidade. Pensar naquelas que seme-laban figuríns e ver as do pobo, sen vagar pra se pintar as unllas, os ollos, os labres, frescas e fortes, era pro Xan coma saír dun cine e meterse nun teatro.

Cavilaba nisto cando parou a máquina e a xente escomenzou a se preparar pro xantar. As mozas correron á fonte, voltando ó pouco cheas de xuventude e sangue enfeitando as suas meixelas.

O Xan tina os bulsóns cheos de mazáns camoesas que abondara co Sidriño das mazairas do Fidalgo. A Sara, a Rosalía, a Carmiña, a Rosa e a Chariño berrábanlle que lles dera unha. Il foi tirándoas ó aire, astra oito. A que apañou máis fora a Sara. Catro ela soia. Todos se decataron do choio e a do Grilo rebordaba ledicia. O Suso estaba abalando unha mazaira. Tamén il tirou algunhas. A Rosalía non puido coller unha siquer. A Sara deulle das súas. Dende que a vira saíndo do escuro, tíñalle máis agarimo. Quizabes fora lástima. O Suso era martirizador. A coitada, dende aquela serán, endexamáis se volveu a ver rebuldeira. Esbarara por dar creto ás súas promesas. A Rosalía non podía adiviñar por qué a Sara a quería tanto. Se soupera que fora vista! Que lle tina compasión! De sabelo, desfogaríase con ela as mágoas que a ninguén podía contar.

A xente toda acomodárase como millor poidera no tendal.

Fontes con cachola, chourizos, cachelos e garabanzos. Xerros de viño a rebordar, pantrigo, queixo, café, augardente. O Fidalgo sempre a porfiar que comerán. As lingoas que se desataban a falar e ó fin a voz roucona do señor Xosé María, que sempre remataba por ser o contista de tódalas xuntanzas.

Cando era mozo, na parroquia tiñamos un crego moi vello que lle mandou á criada:

—Vai chamar ó Farruco pra que saque as goteiras da eirexa.

A criada foi a casa do retellador que lle dixo:

—Hoxe non podoo, pero mañán, de certo que ala vou.

O día seguinte apareceu, de cedo, na reitoría e pregoulle o crego:

—Denantes iremos á misa e almorzaremos. O bon do home seguiulle o gusto ó abade e despóis marchou pro tellado.

Traballara ben a xa tina o bandullo revolta-do cando o chamaron pra xantar.

O señor Farruco era un home que lle tina moito medo ó demo e, entre chanqueiro de viño e tallada de xamón, preguntoulle ó abade:

—¿E a vostede non lle pon grima o diaño?

—Non. O demo está ben preso. Prendeuno noso Señor Xesucristo.

—Pois eu non llo creo, teimou o retellador. Estou en que anda ceibo.

—Non, ho!, porfiou o crego. Estate tranquilo.

E cando acabaron de xantar, díxolle:

—Vai tomar a sesta. Déitate na palleira, que xa te chamarei.

A carón da palleira había unha nogueira e o retellador colleu catro medias noces, vaciounas e púxollas ó gato do crego nas gadoupas. Encheulles os ocos de cera e meteu o felino, calzado coma un cristiano, no faiado da casa, por un burato que daba ás cortes e logo atuoulle a saída con toxos.

O gato deu en corretear dunha veira á outra cun tropel de mil demoros. Despertou o crego en ouvindo o baile aquil e chamou pola criada, alporizado, temendo que aquilo fora un castigo á súa incredulidade en satán.

—Traime as chaves da eirexa, berrou.

O bon ministro de Dios revestiuse de estola, colleu o hisope e, tremando co medo, rezou uns latíns; pero o castañeteo do felino ía cada vez a máis. Foise logo á palleira e contoulle o caso ó Farruco que estaba a escachar coa risa.

—¿E lo? ¿Non di vostede que o demo está preso?

—Ti sí que estás feito un bon demo, maliciouse o crego.

A noite, cando lle pagou o traballo, pra que lle contara cómo fixera, o bon do abade regaloulle un peso a maiores do que conviñeran. Don Xesús e o Señor Farruco eran moi bos amigos e sempre andaban con trasnadas.

Por certo, findou o tío Xosé María, que cando morreu o crego sentino moito porque, a comenzos do outono, sempre me deixaba comer brevas da súa horta astra fartarme. Moito ben me sabían. Diolo teña no ceo!

— Cóntenos o conto dos sapos, pediu o Sidriño:

O Señor Xosé María levou a cunca de viño ós labres —pra íl había que ter sempre unha cunca, pois decía que botar o vino en vaso era derramalo— bebeu uns grols e contou:

Un home, que xa era velliño, da parroquia de Santalla, tina uns cortizos de abellas ben mantidas que daban moito mel. Vendíao nas feiras e sacaba pros gastos da casa. Un ano, polo Antroido, ouservou que, cada poucos días, faltábanlle abellas e, coidando que morrían, os veciños aconselláronlle:

—Bótalles zucre ¿ou ti queres que elas che dean o mel sen gastares nada?

O home botoulles un saco de zucre pero as abellas seguían mingoando e maliciouse. Fixo un caseto na horta pra pasar alí a noite á espreita. Mercóu unha Remington e díxolle á muller:

—O primeiro que se achegue ós cortizos, despácholle un tiro.

Durmiu a carón das abellas unha semana e nunca viu ninguén por alí. E as abellas fallaban o mesmo.

Unha mañán que estaba o patrón tornando as augas, albiscou dous sapos moi grosos e grandes á veira do cortizo, coa boca aberta, a papar abellas a conforme saían. Madia levaban a estar cheos os larpeiros! Debaixo dunha pedra tiñan o seu toco. Aquiles enguleabellas eran os que botaban a piques as arcas probes abondo dos vellos!

O home tina tabaco de colleita. Preparou unhas follas ben secas e enleou un cigarro, prantoulle lume, puxo un pé no lombo do primeiro sapo, que abriu a boca, meteulle o cigarro nela e o bicho empezou a zugar, zuga que te zuga, astra que o rematou. Fixo o mesmo co segundo e, cando estaban ben borrachos, espetoulles un garabullo pola gorxa abaixo e prantounos no chan, diante dos cortizos, esperneando astra que morreron.

Cando lle preguntaba calquera por qué deixara os sapos a morrer daquil xeito, contestaba:

— Pra escarmento dos outros e pra que as abellas vexan que percuro por elas.

As gargalladas estouparon a cachón no intre que a malladora daba en rombar. Era a chamada ó traballo e erguéronse todos pra seguir no labor, enzoufados en sudés, arganas e unha nube de pó, astra o anoitecer, pra cear o mesmo compango, ouvir as lerias de sempre e madrugar ó romper do día, que se encetaría con outra malla.

PARRAFEO NA VILA

O Suso convidou ó Xan a visitar Portomarín e a comer empanada de anguías na casa do Teirente. E aló que foron os dous, de mañán cedo, a camiñar.

O pasar a carón dun prado que hai no camiño da Serra, arrodado de grandes touzas de leña e moi axeito pra andar o gando ceibe, díxolle o Suso.

—Inda que era neno, lémbrome ben. A xente deu en asegurar que se entobaba eiquí unha cobra grandísma e ninguén quería facer este camiño de bon grado.

Un domingo, á saída da Misa, xuntáronse no adro os veciños da parroquia e comisionaron a tres homes pra que pescudaran se era certo. E á manan seguinte o Lilainas, o Torrexón e o Belgas, dende ben cedo, puxéronse á espreita pero non ouservaron cousa anormal. O segundo día tamén perderon o tempo; pero, no terceiro, o Torrexón albiscouna xunto a aquil balado que pecha o prado.

O home berrou polos compañeiros, que acudiron pra valerlle; mais éla fixiu. Tan grande era, que por onde pasaba, a herba deitaba. Ficaron abraiados en vendo tal monstro e volveron ó pobo pra falar co tío Pepe do Campo, un zapateiro moi bon cazador, por se quería abatela.

Prometéronlle cincoenta pesos e o vello botou contas:

«Gañar mil réas arranxando zapatos lévame máis dunha semana...»

E dixo:

—Se me dades os cincoenta e mais a pel, feito!

Aceptáronlle, anque todos temían que a cobra o engulipara, e o tío Pepe, que non era cousa medoso, colleu a escopeta de dous canos. Un cargouno de cachos de pote, outro de municións e encamiñouse ó prado. Tamén levou coil o almorzo e a cabaza de viño.

En chegado, púxose a almorzar perto do tobo e inda ben non rematara o primeiro bocado cando sentiu un longo asubío que amedoñou a tododiós.

O zapateiro, destemido, tirou a cabaza e colleu a escopeta. A cobra alancaba cara íl ergueita e ameazante. Un bafo fedorento saía das súas entrañas; pero o señor Pepe, apuntándolle á gorxa, despachoulle o cano cargado de cachos de pote e a xente do pobo, que espreitaba dende lonxe, viu alporizada os tremendismos cuazos que daba o monstro denantes de botar as derradeiras boqueadas.

Tardou ben tempo en morrer e alí mesmo, con machados, tiráronlle a pel e logo carreterouna prá casa do zapateiro afouto, que cobrou os cincoenta pesos mais cinco de regalo.

O tío Pepe mandou curtir a pel e fixo nove pares de zapatos e tres corres. E contan os vellos que seica decía:

—Qué bon día fixen, chacho! Con moitas comenencias diste xeito, logo tiraba coa subela ó inferno!

O Xan agradoulle o conto e o Suso continuou:

—Eu sei moitas historias distes camiños. Atende o que lle pasou a un zapateiro. Era de Suar. Traguía dous pións con íl. Un día mandoulles:

—Mañán madrugade e o que primeiro saia á ponte de Outeiro espera polos outros.

O día seguinte, cando chegou o carpinteiro, xa agardaban os alugados; pero aínda era algo cedo e demoráronse pra botar un pito sentados á beira do río, que baixaba con moita chea.

Nestas, apareceu un cabaliño moi feito, que acareábase a íles fungando, pra fuxir axiña e logo voltar co mesmo reliquiorio.

O máis forte dos tres homes, que era o Toño, e eu coñezoo ben, teimaba por botarlle a man; pero non había maneira. O cabalo sempre o burlaba. E dixo o amo:

—Estade quedos, que vou mirar se o pillo eu.

E berrou:

—BIIIIchIIIñño! BIlichIIIñño!

E o animal quedouse mainiño.

O Carpinteiro, por ser o amo, creuse con máis dereitos que os criados e montou níl; pero a besta —non corría, que voaba— deuse a un tolo agallopar pola beira do río.

E o patrón:

—Detédeo, detédeo!, ordenaba, sen que os criados lle poidesen valer por máis que facían.

Así andivo a trotar unha hora longa astra que o tirou nun cómaro, con tal sorte que non o mancou cousa. Logo o condanado «BIIIIchIIIñño» chimpouse da ponte embaixo sumándose de tal xeito que os tres quedaron cridos de que era o demo.

—O tío Xosé María é un bon mestre ¿non sí?, interrompiu o Xan.

—Canto che dixen foi verdade. Eu coñecín aquiles homes e sei cómo se chaman. O amo morreu dunhas febres na caída da folla. Diolo teña no ceo! O Señor Xosé María tenme contado moitos; pero non hai millores contos que os vividos por un mesmo. E o día de hoxe has ter qué contar ti tamén.

REMORDEMENTO

O chegar a Portomarín, no camiño de Sant—Iago, o Xan admirou os vellos pazos e a eirexa, forte da idade media e moimento nacional. Lástima da ponte romana da que non ficaba en pe máis que a amosa do seu esplendor.

Pero non era o arte nen a historia as razóns daquela excursión e o Suso confesoulle a Xan as verdadeiras intencións de tan longa camiñata.

As aforas, na ribeira esquerda do río vivían dúas irmáns. Il, que as coñecía ben, pederíalles palabra prá tarde.

—Asegúroche que faremos feira.

O Xan estrañouse daquela saída do Suso, mais non puxo reparos e cando chegaron á casa da Marta e da Milagros, tras unha rápida presentación e un curto palique, acordaron de se atopar na ponte nova, e os dous amigos voltaron a Portomarín á casa do parente do Suso, que lles preparou a empanada de anguías.

Dende a fiestra da casa do Farruco de Teirente víase a ribeira ricaz en toda cras de viños. A esquerda, a carretera de Sarria e os caneiros onde caían as anguías que gorentaban a gula dos millores gastronomos. A dereita o Camiño de Sant—Iago avantaba entre viñas ricaces, ledo e espranzado pra ganar o Xubileo...

—Despóis dista enchenta cadrará ben un paseo, dixo o Suso. E engadiu:

—E hora de nos ir.

O señor Farruco espetou:

—Xuraría que te agarda a Milagros. Anda que xa te coñezo! E ti, Xan, vas ter moita espera!

—Veñen as dúas irmáns

—Teredes festa, logo!

—Sonlle boas rapazas, afirmou o Suso.

—Sí, daranvos canto lles pidades.

—O caso é pasar o tempo.

—Polo que hai que ver en Portomarín saíache cara a camiñata, ¿verdade?, dixo a muller do Teirente.

—Portomarín, valer vale; pero as postres, podendo proveitalas, millor, engadiu o Suso.

Houbo risas.

—Xan, dixo o señor Farruco, vaste perder en Galicia.

— Non será tal, señor.

—Tí sé atrevido, seguiu o Teirente, que farás feira.

—Dios vos salve a alma, berrou a señora Amparo. Vaia consellos lles das, ho! Suso, non leves por malos atallos ó rapaz.

—Non levo, non. Todo iso sonlle cavilacións da xente. Non fago senón seguir a broma do seu home. ¿Non sí, Farruco?

—Iste Suso, cortou o Xan, elle moi bromeiro. Ha casar coa de Paradela. Estalle toliño por ela.

—Aquela sí que me acai. Pras Doores, ó millor temos boda, engadiu o Suso.

—Anda que vas quedar pra solteirón. Nunca casado te vexo. A mocidade de hoxe estavos corrompida!

—Señora Amparo, non lle morden os cans que máis ladran. Nós agora imos dereitos prá casa. Todo canto lle falamos é por non calar.

—Dios te oia e que outro cho crea, acabou o Teirente.

Cando chegaron ambos e dous á ponte, as dúas irmáns xa andaban no paseo. Polo camiño o Suso aleccionou ó compañeiro:

—Tes que ser botado, ondenón vaise rir de ti. Pola noite acompañarémolas á casa. Eu, que teño máis confianza con elas, amañareime pra nos soparar.

O Xan e a Marta sentáronse a carón dun balado. Estiveron de parrafeo e, dunha noutra un bico arroubado estalou nas meixelas da Marta que, por resposta, sinaloulle a cara cunha forte labazada. Voltou a bicala, esta vez cun bico longo zugándolle os labres con afán. A Marta domeada polo apaixonado rapaz, entregouse ó pracer. As súas coxas eran grosas, redondas sensuais e o Xan sentía que unha forza sobrehumán apertábao contra os peitos daquela muller que apuraba o vaso do amor a se fartar.

Estaban a recuncar cando ouviron o Suso e a Milagros. A Marta ergueuse de súpeto cos ollos humedecidos pola paixón. O Xan tremábanlle as pernas. Ben se decatou o Suso do seu nerviosismo.

Acompañáronas á casa e déronse palabra pro día das Doores.

De volta, o Xan ía caviloso. Fixera mal, querendo como quería á Sara. Certo que nada lle prometera, pero queríaa.

O Suso, dándolle unha palmetada no lombo, díxolle:

—Non teñas medo, ho! A Marta, dende que le fixeron un raspado á matriz, non empreña!

—O Xan riu a cachón coa saída do compañeiro. Pouco maxinaba íl as súas cavilacións e remordementos.

FESTA NA ALDEA

Na festa das Doores os gaiteros despertaron, casa por casa, a tódolos veciños. As corredoiras facía un ano que non ollaban tantismo aquel nos mozos e nos vellos. O pobo puxéraseas millores roupas. A pólvora chamaba á festa e as campás repenicaban ledas nas mans do Casabaxo.

Non había casa en Paradela que non tive raconvidados. Astra viñeran de Bos Aires o Xusto do Pallares, coa muller e os fillos, nun último modelo «Mercedes».

O día da festa, cando íles chegaron ó adro da eirexa, inda fallaba media hora pra escomenzar a Misa. Moito fachendeaban coa xente do lugar. O señor Serafín ficaba aparvado escoitándoos. Na mocidade, fora gran amigo do Pallares. Xuntos andiveran as mozas. Xuntos tamén foran á escola. Agora o Pallares era rico e o Serafín seguía probe coma sempre; pero estaba orgulloso co seu cargo: Era o sancristán de máis renome moitas légoas á redonda.

De novo, contoulle o Sidro ó seu curmán, o Serafín cantaba moi ben e andaba en tódalas festas bruando do seu arte. Veciños e extraños púñanse a competir con íl pero non había quen o superase.

Tería vinte anos cando, un víspera da festa dos Milagros, dixo con fanfarronería no café do Xesús:

—Mañán vou cantar disposto a medirme inda que seña co demo.

Ergueuse, con noite pecha, colleu unha vara moi feita de toxo e o almorzo, e alá se foi.

Polo camino alcontrou un homiño moi pequeno, cun chapeu de palla, vestindo un pantalón rabeno que lle daba polos xionllos.

—E logo ¿pra ónde vas?

O Serafín contestoulle:

—Vou cantar á festa.

—Así ¿cantas ben?, continuou o vello.

—Non hai quen me compita e hoxe vou disposto a medirme inda que seña co demo.

O homiño dixo que tamén ía prá festa e apunou que íl cantaba millor.

—Se queres, propúxolle, podemos escomenzar agora.

Cantou o Serafín e ó vello dáballe a risa ouvilo. O mozo, amoscado, sen rematar a súa cantiga, pediulle que cantara íl. O vello non se fixo rogar e cantou desta maneira:

«Ti carballo i eu carballo, ¿cal dos dous valerá máis? Eu carballo de Bermil, ti carballo de Feás. A tua alma é do demo e xa non volve á casa dos seus pais!»

O Serafín maliciouse e, coma se tal cousa, retrucou:

«Catro cuartos tén o sol, catro cuartos tén a lúa. Reventa, demo, que ista alma é de Dios e non é túa».

No intre o vello sumiuse cun estouro grandismo e ó Serafín barréuselle o xuicio ficando coma morto. Cando acordou, deu volta prá aldea e foise a xunto do señor abade contarlle o sucedido. O crego felicítouno polo ben que discurrira a cantiga que o librara das mans do malino, rezoulle latíns e, despóis dunha longa plática escontra do orgullo, propúxelle facelo sancristán. O Serafín aceptoulle e non cantou mais nunca.

—Foi cousa de milagre, logo.

—Iso contan os vellos, Xan, remarcou a Maruxa, e por iso está foncho co seu emprego.

Durante a Misa solemne, cando o señor Serafín pasou o peto das ánimas, o indiano botou un billete de cen pesetas ó igual que a súa muller e os fillos. Era un feito que trougeran moita prata. Fixeran sorte na emigración!

Pero o máis pavelo foi que, denantes de principiar o Oficio, o Xan rubiu ó cimo da eirexa por unha escada de pau, xa podre, e pediulle ó Casabaxo que lle deixara tocar as campás. Repenicou con tanta forza e presa que foi a risa. Tocaba a lume!

O Suso era un dos ramistas aquíl ano. Non paraba de botar foguetes. Os cativos corrían en percuro das canas. Daquela, un foguete foi estoupar no toxal do Trobo. E o que son as cousas: Prendeu lume! Todos tiveron que correr pra apachucalo. O Xan, sen quere-lo, atinara.

A Sara berroulle:

—Es de mal agoiro!

—E logo, ¿coidabas que non sabía o que facía?, bromeou íl.

Rematada a Misa, pasearon a Santa en andias. Levábana catro mozas vestidas co traxe rexional. A Sara, a filla do Pallares, a do Leiro e mais a do Cosme. Despóis houbo baile a carón da casa do crego.

O Xan bailaba coa Sara cando viu a Marta nos brazos dun rapaz que íl descoñecía. Ela chiscoulle un ollo e a Sara decatouse.

—¿Coñeces isa rapaza?

— Pois sí.

Ficaron en silencio astra que a Sara, que non puido conter as suas arelas de saber, dixo:

—¿De qué a coñeces?

—Presentouma o Suso en Portomarín.

Bailaban naquíl intre cabo da rosquilleira, arrodeada de cativos por mor das roscas.

—Xa eu volo decía: Sodes un pro outro, berroulles.

Surriron os mozos; pero unha néboa de duda e desconfianza adonouse da Sara. Ouvira falar tanto das irmáns de Portomarín...

O Suso e mais o Paco do Leiro non paraban de tirar foguetes. Os cativos seguían a correr pola veiga tras das canas e a orquesta de Foilebar tocaba o derradeiro pasodobre anunciando o xantar.

Os labregos escomenzaron a caminar na compañía dos invitados e a mocidade aproveitaba os compases finais.

—Xa nos veremos no campo da festa, dixo a Sara ceibándose dos brazos do Xan, e correu corga adiante pra sumarse os pais e á uns parentes chegados da parroquia de San Martiño.

Pouco despóis, á porta da casa do Sidro, dous músicos —un clarinete e un trompeta— tocaban «A Rianxeira». O curmán do Xan mantiña ós dous, tal como acordara cos ramistas.

Os outros paraban ñas casas do Barxa, do Suso, do Paco do Leiro, do de Abaixo e, o bombo e os platillos, na do Grilo.

Bonito costume aquí, descoñecido polo Xan.

O xantar foi grande. Sobraron chourizos, lacón, cachola, empanada de anguías, bon viño do Aviado, da colleita da irmán da Maruxa, roscón xigante, café e farias da Coruña.

O FUXIDO

Pola tarde, nun gran campazo, entre leiras de millo e unha sombriza carballeira, a festa era un fervedoiro de xente moza. A Sara bailaba co Xan; pero algo rebulíalle na idea: ¿Sospeitaba a súa aventura coa Marta de Portomarín?

No rebumbio do baile o Suso, acenando cara a dereita, bisbeoulle algo ó Xan e os ollos da Sara bateron cos da Marta. A filla do Grilo maliciouse. ¿Terían tramado acompañar ás dúas irmáns, a Milagros e á Marta?

Pra coñecer a súa idea, díxolle:

¿Qué pensará a xente en véndonos toda a tarde xuntos? Está ben que botemos unha peza... duas... tres... De volta prá casa, se queres, xa nos veremos. Eu irei coas veciñas.

E costume nas aldeas que os noivos non demostren sélo en público, por mor do qué dirán. Van ás festas e bailan íles con todas e élas con todos. Logo, pola noite, atal ovellas que tornan ó cortello, sen saberse cómo, atópanse por corredeiras e camiños. Os rapaces acompañan ás mozas astra a casa e, a carón da porta, están de parrafeo, ás veces, máis da conta. O Xan dudou un intre se dar palabra á Sara ou ir co Suso e as dúas irmáns deica Portomarín e xa non lle foi posible porque acercóuselle o Paco e pediulle a parella.

—Son costumes! Fai ti o mesmo!, berroulle.

Disimulando canto puido o seu enoxo, non se lle ocorreu outra que sacar á Marta. Nunca tal fixera!

—¿Seica xa non te lembrás de min? Andas moi encegatado coa filla do Grilo.

—¿Por qué falas dise xeito?

—Craro. Ela é máis nova. Enganáchesme e aproveitácheste de min porque tiña a cabeza tola, se ve.

O Xan caíronlle aquelas palabras coma lume. Ela remachou canto puido:

—Chegou a Portomarín a nova dos teus parrafeos coa Sara. Andades nas linguas da xente. E, inda se foras o primeiro...

—Marta, seña o primeiro ou seña o derradeiro, non che vai nen che ven cousa!

—Sí que me vai! A honra! Rícheste de min e queres facelo con esa; pero saúche a porca capada. Agora andas ti burlando arreo. Se eu perdín o creto nas tuas mans, ti perdíchelo nas de Sara!

Os ollos da Marta entoldáronse de bagoas. O Xan dubidaba. ¿Era a filla do Grilo unha arteira que o tiña engadado? ¿Sería certo? A Marta caera doadamente; a Sara xurara que nunca un home lle dera un bico e, aínda que a tentara moitas veces, mantivera a forteza dun carballo. Non se deixara domear.

—Non mereces que che mire prá cara. Avergónñame estar nos teus brazos, martelou a rapaza con ollos feridores ó tempo que un mozo, alto íl, moreno e con trazas de ser moi mullereiro, a sacaba a bailar.

O Xan ficou barado. Maldito costume aquí! Non se podía botar unha peza enteira cunha muller. ¿Negaríalle o baile se a tornaba a solicitar? Sería pior que unha

labazada! ¿Volver sacar a Sara? Nen pensalo! Dixéralle: ¿Qué dirán se nos ven toda a tarde xuntos? A filla do Grilo ¿sentía o pudor da moza virxen temerosa de se ver envolta en malas lingoas? ¿Estaría apalabrada con outro? ¿Era posible que tivera tan mala sona? A Marta mintía! ¿Cómo podía crer íl as suas palabras?

Saíu do campo da festa e camiñou ¿unha legoa? ¿duas? Nen as veigas, nen os soutos, nen as carballeiras, nen os prados, nen os verdes de variados tonos arredaron da súa mente, tan impresionable sempre pola paisaxe, aquíl laberinto. Se tivera o poder de profundar nos adentros daquelas mulleres... O que magoaba ó Xan era o remordemento. Fixera mal en deixarse engaiolar polo Suso na aventura de Portomarín.

Canso de cismar e de arroteos, sentouse nun penedo na Croa do Toural e púxose a garabetear:

"Muller ingrata / semellas víbora / que ó tempo apertas / e a vida tiras..."

Pero, cal non sería o seu aglaio ó sentir de supeto unha voz rouca que berrou:

—Arriba as mans!

Virouse, abraiado. Un home cunha pistola do nove, apuntáballe ó peito.

—¿Quen es ti?

—O Xan. Curmán do Sidro de Paradela.

Cacheouno e, convencido de que decía a verdade, pediulle:

—Perdona que te recibira diste xeito. Ando fuxido hai moitos anos. Dende a guerra vivo no monte. O Sidro coñézoo ben. Podías ser un garda. Xa me teñen preparado moitas emboscadas.

Somente aquilo lle faltaba ó Xan. Verse nas mans do Xuvencos! Tiña ouvido falar díl; pois era conecido en moitas parroquias. Non mataba nen roubaba. So pedía que comer e tornaba ós seus paxaros, ós seus lagartos, á natureza. Na guerra fora de esquerdas e escapara á civilización, temendo a pena de morte que seica lle puxeran. A pesar de tamaño susto, logo fixeron amizade e parolaron longamente.

O Xuvencos confesoulle:

—Somente unha vez fixen mal: Caera una torada de neve cal non se acorda outra. Houben morrer co frío. Acertou a pasar un home dacabalo dunha besta e pedinlle misericordia prá miña nudez. Eu andaba esfarrapado; íl ía de vinte botóns e levaba roupa pra quentar outros catro. Tiven que encañonalo pra que me dera qué vestir. Arrepúxose con totalas súas forzas e ferino nun ombreiro. A necesidade obrigoume. Se tal non fixera, morrería teso de frío.

Cánto falaron! O Xan sentiu piedade por íl e ofreceulle cartos; pero o Xuvencos non os precisaba.

—Pra vivir no monte non me fan falla.

—Logo dareille os zapatos. Trocareinos polos seus, que xa o non libran dos coios.

O fuxido acetoulle e o Xan camiñou prá casa, cavilando nas laceiras da liorta fraticida e o Xuvencos quedou na Croa do Toural cos seus penedos, baixo un tellado de estrelas, cun xergón de pedras, tendo por compañeira a lúa e ollando a maravilla pirotécnica dos foguetes, que anunciaban o remate das festas da Virxen das Doores de Paradela.

A MEIGA E O ZAPATEIRO

En Fontepedra o Sidro tina uns toxales que daba xenio velos. Xuntou unha roga e aló se foi o Xan tamén. Rozaban de moito aquel o Suso, o Grilo e o Barxa, amigos inseparables do Sidro nas labouras e nas foliadas, na sega ou na casa botando unha biriscada. O Xan tentou rozar tamén; pero íl había dar unha chea de bouchazos pra facer o traballo que facían os outros nun santiamén. Moito se espiñou e empapou en sudés! Non estaba afeito a traballos tan duros e, de cando en cando, ía á fonte — que dá nome ó monte— e recreábase bebendo grandes grolos de auga fresca e cun deixo amargo, moi diferente por certo, da auga purificada da capital.

Pola tarde, o Suso adicouse a carretar os toxos e o Xan foi con íl pra afalar as vacas. O carro chiaba cantareiro. Na costa do Eirexario os bois renqueaban e o Suso aguilloaba niles canto podía, botando cada lostrigo que facía tronar.

— Sonche tuzaros, díxolle o Suso ó decatarse que desaprobaba aquil xeito de tratar ós animais. Se non mazas niles e non lles berras — engadú— son capaces de botar unha sesta polo camiño.

O Suso era bon rapaz, pero duro demáis coa facenda que íl consideraba cal se fora unha ferramenta de traballo. En troques, o Xan, debido cecáis á súa crianza na cidade, ollaba ós animais con visión diferente.

Chegaron ó derradeiro tramo do camiño. Agora a corga baixaba engorde. Xa non facía falla aguilloar ós bois e o Suso espetoulle:

—Fuches ben parvo antonte! ¿Por qué marchaches da festa?

—Non me atopaba nada ben e fun pasear. Sabes que a paisaxe sáname.

—E eu tiven que aturar ás dúas irmáns, berrou o Suso, porque a Marta non quixo acompañante. Inda menos malo que, en chegando á casa, a Milagros tivo un intre pra min no tendal. Talmente coidei que ía perder o tempo.

—E a Sara, ¿decatácheste se foi acompañada prá casa?

—Polo camiño, ela, a Rosiña e as de Santalla, vímolas cuns rapaces de Castro de Rei. Ian aturulando e cantando. Como podes figurarte, logo perderíanse entre xestas e balados.

—Non serán todas igoales.

—Non ponería as mans no lume por ningunha délas.

—¿Nen pola Sara?

— Endexamáis a tentei. Pero deixa que che diga, aínda que seña conto vello.

El era unha moza que, moi amiúdo, ía ó zapateiro pra arranxar os zapatos e o zapateiro, vendo que derramaba tanto calzado, díxolle:

—Se quixeras casar comigo aforrarías moitos cartos.

E a moza contestoulle:

—Se queres ti, casamos.

El estaba solteiro porque non tivera tempo de se percurar unha noiva, por mor de tanto traballo e ela, que era moi vivaracha, engadouno e casaron axiña.

A primeira noite pregoulle a rapaza:

—Vaite deitando, que teño que ir á casa da comadre. Virei logo.

Cando volveu, preguntoulle o home. —¿Cómo tardaches tanto?

—Puxémonos a falar de bodas e parei máis da conta.

A noite seguinte díxolle íl:

—Vamos prá cama, que xa son as doce. E ela contestou:

—Vaite deitando namentras lavo as cuncas. O zapateiro maliciouse e, á noite do terceiro día, deitouse coma se tal cousa e, ós poucos, xa sorneaba. A muller, coidando que dormía, sacou un pucheiro da lacena, espíuse e, logo, pasou a camisa por riba do home decindo:

«Eu te bendigo, Belcebú, coa falda do meu cú. En canto vou e veño, non despertes tú».

Untouse o corpo todo co óleo que tina dentro do pucheiro e, no intre, sumiuse. O home estivera guichando canto facía a súa muller e non paraba de se preguntar onde ela iría espida e, collendo o mesmo pucheiro, untouse sumíndose íl tamén.

Súpetamente atopouse nunha xuntanza de moitas mulleres que se quentaban arredor dunha lareira con forte lume. Alí estaba ela, á esquerda dun home anano moi groso e viollo, que polos ollos botaba lume.

O zapateiro anicrouse nun recanto e viu, alporizado, como se erguían collidas das mans e comenzaban a bailar arredor do macaco, formando unha gran roda. Logo o porcallán baixou os pantalóns e púxose de querquenas e, cada canto, unha délas bicáballe as nádigas. O zapateiro, que levaba no bolsón a subela, sumouse á roda e, cando lle tocou a vez, en troques do bico, espetoulle un subelazo e o vello laiouse:

— Eiquí hai uns beizos bravos!

De súpeto a roda esfarelouse e as mulleres desapareceron ficando os dous fronte a fronte. E o zapateiro díxolle con sorna:

— Rapaz, con tanta meiga non sentirías friaxe...

O demo, decatándose de que se ría das suas medras, quixo ceibarlle un lapote; pero o zapateiro, lizgairo, asoprou con forza tal que escagallou o lume e, a furtadelas, puido liscar na cega oscuridade daquil antro.

En chegando á casa, fixo nove cruces con garabullos de oliveira, pendurounas das paredes e esparexeu auga bendita por todos os recantos. E, cando chegou a muller, chimpoulle as pingas sobras do latón e a rameira do demo estoupou con gran estrondo, mergullando o lugar todo nun cheirume porcallento.

—Canto acabas de trapelear está moi ben; pero non sei a que vén.

—Leva o seu fundamento. ¿Quén lle ía decir ó vello que casara cunha meiga?

—¿Non eisiste, logo, a honra?

—Din que é coma un cristal. Un coio con acerto e rompe!

—Hainos que non quebran tan doadamente.

—¿Dílo pola Sara?

—Dígoo porque creo na honra!

—Ti estás namorado déla. Créme. Somos novos. Non te deixes ensarillar. Conto que, pro nove, irás a Portomarín.

—Non cho sei.

—O teu curmán seica irá á feira. Atoparémonos aló e taremos unha visita á Milagros e á Marta.

—Non che aseguro nada.

—Sei canto che pasou coa Marta. Decateime deseguida e tireille da lingoa, por saber...

—E ¿contouche todo?

—Sí. Ten ciumes. Podo xurarche que está toliña por ti.

—Tiña razón a señora Amparo. Engolfáchesme ben.

—Déixate de sentimentalismos. Xa che dixen que somos novos aínda pra encerellármonos. Hai que divertirse! Conto que nos veremos aló. Prometinlles que te levaría comigo.

MAGUANTE CONFESIÓN

O Xan foi á feira a Portomarín co seu curmán, que vendeu unha vaca polos mesmos cartos que pagara dous anos atrás. A Marela aquela, facía unha semana, escasamente comía e mirrábbase cada día máis. O Sidro, temendo o peor, levouna á feira e... non se podía queixar. Tivo a sorte de cara! Pero cando chegou á casa, a Maruxa, en véndoo de tan mal xenio, cavilou no peor.

—Quedamos co Xan de nos atopar no coche das seis, díxolle á muller, pero a Marta téno enmeigado.

—Xa eu sospeitaba que anda medio tolo pola lagarta aquela.

—O peor é que trocouna pola Sara coma quen troca un anelo de ouro lexítimo por outro de ouro alemán

—Tés que lle arrincar da idea a tolemia isa. Eu coidaba que era cousa pasaxeira; pero vexo que sigue adiante.

—O grilo decatouse do lerio. Il viunos coma min e, no coche, díxome:

—«Así mil diaños me leven se non coidaba emparentar contigo. Síntocho ben. ¿Il non saberá de cal caste é isa rapaza?»

Resposteille:

«Xa ti adiviñas que ren destorbaría o casorio pola nosa parte. Sería a nosa regalía».

—A Marta enmeigouno. Está cego de todo. Moza como a Sara non a hai na parroquia e íl ben se decatou o día que a coñeceu.

Era noite grande e o Xan non chegaba. A curmá estaba inqueda. Poidéralle ter ocorrido algunha desgracia... ¿Perdería o derradeiro coche de linea e botaríase ós atallos?

—Non che virá soio. O Suso andaba coa Milagros.

—Escolleu un bon mestre.

—Il é quen o botou a perder. Necesitaba un compañeiro de viaxe. Co Xan pasa millor o camiño a deshoras da noite.

—Xa son as doce.

—Cala, ¿Non sintes?

—Sí, parece que veñen.

Eran íles. Renxeu a porta da aira e entrou o Xan.

—¿Qué che pasou?, preguntoulle a Maruxa.

—E que o Suso e máis eu andivemos ás mozas.

—Tiña eu boa espera por ti, protestou o Sidro.

—Abofellas que, cando me decatei, xa ti debías estar na casa.

A Maruxa botoulle unha cunca de caldo, preparoulle uns cachelos con iscos e foise ó leito.

Un longo silencio adonouse da cociña terrea. Somentemente se ouvían muxicas a estalar. O cabo, falou o Sidro:

—Xan, afondas na lama e non te decatás. Fai tempo, adevirtinte e hoxe téñoche que falar moi de veras. Algún meiguizo tenche dado a Marta pra te póres tan lelo por ela. Cando chegaches á aldea tiñas a alma coma un espello e néla retratábase con toda a súa brancura a Sara. Agora tela embazada. Fálloche coma do meu sangue que eres, sen cobizas. O Suso engadoute coa Marta porque íl está empecatado. Xa non albisca a virtude por ningures e ten mester de compañía pro longo camiño en percuero do vezo.

—Sidro, coido que falas co corazón; pero ¿non estarás encenagado ti tamén? Ise interés pola Sara ¿non será apego ó Grilo? Sodes tan amigos...

—E verdade que lle teño moita lei. Poidera ser que a amizade me cegara coma unha nube e non me deixara albiscar as chatas da Sara. Non che vou a rogar nen pedir que cases coa filla do Grilo. Eso non cadra co meu ser, nen son home afeito a compoñer casorios. Cando o fagas, faino con quen che pete. O que non aturo é que ti, do meu

sangue, da miña familia, afuciñes Nas redes dunha muller ben máis vella ca ti e que xa se entregou a cantos llo propuxeron.

Sidro!

—Non te acalores!

—Non permito que fales así da Marta!

—Isa muller é unha rameira!

—E tan honrada coma a Sara!

—Da Sara nada podoo decir. Da Marta, xa que me obrigas, sí. Denantes que a ti, entregóuseme a min, ó Suso, ó Paco do Leiro, ó Baldomero, e á parroquia toda! E unha pendanga, sí. Unha prostituta!

Unha labazada non magoaría tanto ó Xan como a confesión do seu curmán. ¿Cal non sería o descreto daquela muller pra que o Sidro, home casado, recuando no tempo, fixera tamaña decraración? O Xan escomenzou a sentir bascas. Pero ¿cómo desencerellarse? ¿De qué maneira podíase compor o descomposto?

Pouco faltaba pra romper o día cando se foron deitar. O Sidro, cheo de contento por ter conquerido tornar ó rego ó seu curmán; o Xan, avergoñado, pero cunha idea crara e nidia. O futuro erguíase prometedor sobor dun pasado que se esborrallaba.

SANTA CRISTINA DE PARADELA

Don Xosé estaba ó cargo de tres parroquias; pero só tiña licencia pra celebrar duas veces no mesmo día. Por tal razón, os festivos misaba, de cedo, en San Vicente, onde era párroco en propiedade, e ás doce alternaba San Miguel con Santa Cristina.

Aquíl domingo non a había en San Miguel e o Xan, coa familia, foi a Santa Cristina.

Os camiños da eirexa levaban moita xente aviada coas millores roupas. Todos ían a Misa: Uns por devoción; outros por costume e os máis polo «qué dirán» e non ser mal vistos do crego.

Na revolta de Camporredondo atopáronse coa Sara e a súa mai.

—Bós días, dixeron ambas e duas.

—Bós días. ¿E o teu home, Gumersinda?, preguntou a Maruxa.

—Estavos moi maliño. Onte atopouse pero que moi doente do estómago. Xa hai días que non ten appetite e síntese moi canso. As pernas non lle rixen.

—¿Terá a paletilla caída?, aventurou o Sidro.

—Iso che creo eu.

—Non será cousa de coidado, ¿verdade?, interrogou o Xan.

—Diolo faga, respondeu a muller do Grilo.

Perto da eirexa hai unha fontaña que sempre está chea a rebordar. Din que é un milagre da Santa. Xa se pode sacar canta auga se queira ou xa se pode deixar intacta, que permanece no mesmo nivel e non se choca. E non corre pra ningures. E non se sabe de onde ven. Igoal dá que saquen valdes de auga ou non.

—Unha cousa sobrenatural, dixo a Maruxa ó seu primo.

E engadiu.

—Quizáis descoñezas o sucedido na malla do Severino o ano pasado.

—Non sei. Conta, ¿qué pasou?

— Eramos máis de cincuenta na roga e foi que unha muxica saltou do motor á meda. Facía un algo de aire e, nun santiamén, aquilo tornouse nunha fogueira: Un fachuzo xigante, como diría o señor Xosé María... Berros de mulleres; uns homes que corrían con valdes de auga; outros que chegaban con mantas pra apachucar o lume; pequenos que se botaban ó colo das mais chorando e, no que ninguén matinara, caeu a Sara: Encheu unha botella de auga na fonte de Santa Cristina e chimpouna escontra da meda que, no intre, parou de arder. Foi un milagre.

—Un casual, máis ben, atallou a rapaza.

—Os santos válense das mans inocentes pra manifestaren o seu gran poder, asegundou a Maruxa.

O Xan que, dende a festa das Doores, non volvera ter outra palabra coa Sara, ficou sorprendido polo relato da curmá e o recordo da Marta empezou a rebulir na sua mente: ¿Era unha arteira de finxida virtude? ¿Por qué díaños romperá íl coa filla do Grilo deixándose engaiolar por xuramentos de amor misturados con frechas verbo do creto da Sara? Tivérao engadado!

Aproveitando o barullo da xente que agardaba a chegada do crego, ousou bisbearlle algo que só ela puido comprender. A resposta foi un NON categórico e duro coma un seixo.

Diante do crego, considerado ente superior pola humildade aldeana, todos se desfacían en saúdos. Il mesmo tanguou a campá, tirando da cadea de ferro e a xente entrou na eirexa, axoellándose no chan de lousas. Algúns levaban coíles almofadiñas pra por nos xionllos; outros debruzábanse Nas pedras graníticas e os máis ficaban de pé. O Xan rubiu a tribuna co Suso. Alí estaban o Paco do Leiro e o Xesús do Barreiros coa baralla na man.

—Pro, vós ¿a qué vides á Misa?

—Non señas parvo, ho!, contestou o Barreiros. En saíndo xa o verás. Veñen as rapazas todas e, logo despóis, hai que acompañalas á casa.

—Estamos agardando, dixo o Paco.

—E en algo temos que invertir o tempo, seguiu o Suso, arroupado polos amigos cunha longa gargallada afogada nos cánticos do pobo.

O rematar a función relixiosa, o crego requeou un responso polos difuntos da parroquia e a grea saíu despaciosamente do lugar sagro.

No adro, o Xan sumouse á familia e máis á señora Gumersinda. A Sara, con outras rapazas, ía diante. Tras délas os xugadores de tute. O Suso coa súa teima de lles tirar pedriñas. O Paco do Leiro petando cunha vara nos penedos e Nas silveiras. O Xesús do Barreiros berraba:

—Ei Sara! Ei Rosiña! Ei Rosalía! Qué foncha vas, ti, Mediños! ¿non dades unha ollada?

—Teñen presa dabondo, dixo o Suso.

—A galiña escapa ó raposo, espetou o Leiro.

Cada vez alonxábanse máis as mozas e os rapaces. E o Xan viu como aló, na revolta do agro, a Mediños e a Sara viraban cara Pacios. Ian lixeiras prá casa e desbotaban a compañía dos tres argallantes.

¿Por qué lle pediría, —cavilaba o Xan na festa das Doores —que non bailara máis coela? As faladurías da xente ¿tacharíana en vendoos toda a tarde xuntos? Querendo a un home ¿hai que temer ós que poidan caloñar?

«As mozas da aldea negan o seu prometido deica o derradeiro día de solteiras e avergóñanse de que os vexan xuntos».

Il descoñecía aqueles costumes. Tal fora o motivo de romper coa Sara e de encerellarse coa de Portomarín. Pero a Sara, ¿por qué había renunciar das súas tradicións?

«Os santos válese das mans inocentes».

O milagre de quealara a Maruxa ¿non abondaba pra encher de luz aquela noite pecha de entramblicados laberintos que remexían na testa do Xan?

—A tarde baixa, vide!

—Iremos, sí.

—Contamos con vós, logo, que virá a señora Xusta e darache tamén remedio pro cativo, dixo a Gumersinda.

Chegaran a Camporredondo e o Xan ía tan caviloso que nen siquer se decatara.

—¿Qué che pasa, Xan?

—Nada, Maruxa.

—Algo tés pra andar tan calado.

—Cousas da mocidade. Dudas. Loitas internas. Inquedanzas e amoriños...

O Sidro surriu e díxolle ó seu curmán:

—Pois pra iso eche boa a auga da Santa. Bebida en aúnas, non hai cousa millor pro mal de ollo e encontra dos meigallos. Non tés máis que facer a proba e ir durante nove mañáns á fonte, a poder ser, pasando a carón da casa do Grilo.

A PALETILLA

Na casa do Grilo estaban o Baldomero e a Pilara, moi bós veciños e amigos de sempre, cando chegaron o Sidro e a súa familia.

—¿Seica queres morrer?

—Non tal, que aínda temos moitas biriscadas por diante, contestou o Grilo.

—Por moi ben que se estea no outro mundo ti dáste por conforme quedando eiquí, ¿verdade?

Pensar pensei que morría esta noite pasada, pero xa ves. Todo foi chegar a señora Xusta e millorar.

—Claro que sí, home! Téñoche moita experiencia, asegurou a curandeira. Levo anos sanando nenos e grandes.

—¿I el é verdade que tina a paletilla caída, señora Xusta?, interrompiu a Maruxa.

—Sí, muller. Iso é que fixo un esforzo grande. ¿A quen se lle ocorre andar cargando sacos de mineral sen ninguén que lle bote unha man? E... ós seus anos! Tíña

de media cuarta. Non te vaias esquecer de levar contigo esa medalla bendita, engadiu a boa da vella.

—Non, señora, pero eu, a decir verdade, nunca lle creín esas cousas.

—Pois ti non o fagas que has quedar fraco coma un guizo e morrerás sen remedio.

O Xan ouvía aquela conversa con extrañeza e a Maruxa, decatándose, pediulle á curandeira:

—Ouviu, señora Xusta ¿i el pódema mirar? O meu primo, dame o corazón que anecía saber cómo se ergue a paletilla.

—E verdade. Nunca tal vin, dixo o Xan.

—Coa paletilla non se pode xogar. O que esteña sano non debe pórse a erguela, pois pódelle caer de verdade.

—Señora, vostede ben se lembra que hai dous anos, polo Nadal, tamén a min me caeu e non será broma mirar que tal estou.

—Boeno, séntate, logo, no chan. Sentouse a Maruxa. Púxolle a curandeira os pés ben igoalados e agarrándoa polas mans estalicoullas ó alto xuntando as palmas. Tíña pero que moi ben. Igoalaban.

—Cando está caída, explicou a señora Xusta, dirixíndose ó Xan, non cadran os dedos das mans. Queda unha máis baixa que a outra. Iso é debido a que temos un osiño do estómago, que saíe do sitio e ponse debaixo das costrelas astra dañar o fígado. Nas mulleres é moi mal sano se torce pro lado dereito, e nos homes, se torce pro esquerdo. O enfermo desgánase e vai perdendo forzas deica consumirse todo, e morre.

—¿E cómo se cura?

—Hai moitas maneiras. Tirando forte polos brazos, como xa viches, volve ó sitio. Tamén se cura con palabras pero non hai que esquecer de acabar decindo, por tres veces:

«Co poder de Dios, noso Señor Xesucristo, e coa Axuda da Virxen, un pai noso e un avemaría».

—Un ovo con ruda tres mañáns en aunas, é a millor menciña. Cúrase tamén levando unha cousa bendita. E máis maneiras.

—E, ¿cómo cae a paletilla?, preguntou o Xan.

—Facendo esforzos grandes. Erguendo do chan sacos de mineral como fixo o Grilo. As veces cae con nada. Como se andiveran as meigas nún. Pasando por baixo dunha silva presa por dúas puntas, se está caída, érguese tamén. Deben estar benditas.

—Tamén sei eu a maneira de facela caer, interrompiu o Baldomero. Levou as mans á cabeza en forma de cruz...

—Ti estás tolo!, berrou a señora Xusta.

—Non pase coidado. Somente fixen a acción, pero non a fago caer, señora.

Houbo risas abondo.

— Iso é pecado. E xogar coa saúde. Exposte a que Dios te castigue facendo que non che volva ó sitio.

O Sidriño non paraba coas lombrices. A Gumersinda xa llo contara á vella e agora tocáballe a íl o turno.

«A Virxen santa Lucía dúas agullas éla tina. E cunha bordaba e ca outra cosía; pra lle quitar as lombrices ó Sidriño Fulgueira Souto, co poder de Dios, noso Señor Xesucristo, e coa axuda da Virxen, un pai noso e un avemaría».

Rezou tres veces a curandeira facendo cruces no bandullíño e no sarricio do pequeno. En acabando, o silencio respetuoso tornouse nunha romería.

A Señora Xusta era unha velliña moi boa muller, que non cobraba cousa polas curas e somente aceptaba unha pouca de fariña, unto pra facer o caldo ou unha presa de castañas galamuchas, que lle gustaban moitísimo. Endexamáis perdera a primeira Misa, sendo tamén a primeira nas novenas ás Animas do Purgatorio e, cando ía de consulta a un lugar apartado e tiña que quedarse a dormir, naquela casa era seguro que aquil día non esquencían o rezo do Rosario. Todos a tiñan por santa.

RECONCILIACIÓN

O Pepe do Couso tiña unha horta a carón da casa, dúas fanegas de semente no agro do Sagrazal, tres ferrados de rega e unha chousa. Tamén tiña unha namela abondosa en auga, mercada coa dote da muller, máis doce mil pesos que lle emprestara o Froilán do Rego. O Froilán tiña cartos. Botara moitos anos en Cuba e era das mellores casas de Paradela. Fixeron un documento privado e aseguraron o diñeiro riba da namela, que arrimaba ós vinte mil.

Houbo dous anos de colleita ruin e, a maiores, no primeiro de casados, a muller deu a luz dous cativos que, coitadiños, recollían canto andacio corría. O caso foi que o Pepe non puido pagar a deuda e o Froilán botouse enriba da namela quedando os do Couso na fame, malcomendo e malvivindo.

Os veciños percuraban dos meniños ora dándolles unha cunca de leite, ora unhas castañas; ben agasallándoos cun bolo de pan cando cocían, ben fartándoos de caldo branco; regalándolles uns pantalenciños que xa eran rabenos prós seus, ou facéndolles camisolas cun lenzo mercado na feira por unha alma caridosa. Aquelo era unha tamaña inxusticia. E, con todo, o que chaman Lei daba a razón ó Rego e condenaba ó Couso.

Así pasaron catro segas, durante as cales o Froilán, seu fillo e unha roga empregaban a semana enteira pra gadañar e carretar a herba. O Barxa, o Grilo, o Sidro, o Baldomero e todos os veciños faláronlle moitas veces desta ou semellante maneira:

—¿Pero ti non ves, Froilán, que botaches unha familia de perda? E ¿de qué apuro te saca a ti a namela do Couso? ¿Non téshoras abondo pra traballares as tuas terras e ¿botas aqueles pequechos ós brazos das almas caridosas?

—Débeme aínda catro mil pesos e o que se debe, pagado ha ser!

—Co que levas comido da namela, ben pago o tésh!

—Eu quero os catro mil pesos. Foi nise trato!

E dalí ninguén o sacaba. Era túzaro o Froilán. Máis que polos cartos, polo feito de que «Quen debe paga».

Era a tarde baixa. No Xuzgado había «Conciliación» Se non acordaban aquela serán, o caso pasaría a Sarria. Xuntouse moita familia. Os abogados leron folios e máis folios. O Liñares, polo Rego; o Castrelo, polo Couso. Aquil aferrábase á Lei. O outro achacaba a miseria do Couso e pregaba un nisco de humanidade. Non había maneira de arranxarse. O Xan facíase cruces diante daquela liorta. Por catro mil pesos, tanta desgracia! O caso era usura desvergoñada. ¿Non había entre os veciños quen propuxera recoller aqueles cartos a escote? ¿Nen siquer unha caixa de aforros que abriera un crédito pra libertar uns pais e uns cativos rulados por mil privacións?

O grilo pediu a palabra.

—Iste pleito é cousa de noxo prá parroquia toda! E a mofa dos pobos veciños! A millor proba, seguiu dirixíndose ó Froilán, tela no folión que se ergueu. Vimos a pedir que deas un par de anos de plazo ó Couso. Se necesario fora, somos dez os que estamos dispostos a firmar pra asegurarche os cartos e os réditos.

Armouse un barullo do díaño. O Froilán foi amenazado pola xente que berraba:
—Xudío! Home sen entrañas! Usureiro!

O Xuez desaloxou a sala. Ficarón somente o Grilo e o Sidro en representación dos veciños. Namentras, fóra armáronse liortas e discusións e foi mester a intervención da Garda Civil. Media hora, unha, duas, tres... e a xente agardaba por ver en qué paraba todo. O fin saíron os abogados, o Xuez, os litigantes e a «Comisión pro Couso». Arranxáranse. O Pepe podía adonarse da namela, comprometéndose a pagar en dous anos. Caso de non o facer, escotarían os dez firmantes.

—En verdade, dixo o Xan, non é cousa de agradecer porque, a pesar da herba que xa ten levado prá sua casa, inda quedan en pé os cartos e os intreses que van medrando.

—Sonche as leis dista Terra. Hoxe toleo de agradecemento Salváronse os meus fillos.

—Tamaña inxusticia non houbera pasado de Sarria.

—Coñeces pouco o caciquismo das aldeas, Xan, interrompiu o Grilo. Di o refrán: «E millor un arreglo que un pleito». O Pepe pagará logo se Dios quer.

A pouco, na súa taberna, o Freixo agasallaba a familia do Couso e ós outros nove amigos pra celebrar o éisito. E o Xan, que non saía do seu pasmo, agasallou con roscas e melindres ós picariños, anxos inocentes, que coidaban aquela serán día de grande festa. Houbo barallas, biriscas, «capados», «zapateiras», vasos e troula... E era xa de noite cando se ergueu o Grilo.

—¿Onde vas, ho?, berroulle o Freixo.

—E tarde e a Gumersinda está soia.

—Sí, papái, pregou a Sara. Irnos xa. ¿Qué facemos eiquí tantas horas? Abonda de xogo.

—Nos tamén podíamos camiñar, ¿non Sidro?, pediulle o Xan ó seu curmán.

—Ide andando, logo, namentras botamos a derradeira, contestoulle o primo.

O Xan saíronlle as cousas millor do que coidaba. A Sara, inda que o sangue rubiulle ás meixelas, non se opuxo ó mandado. Ia lixeira. O rapaz tivo que alancar forte. En chegando a un atallo que emboca na carretera, sen decir palabra, colleuna da man. Ela ceibouse axiña.

—¿Por qué me agarras?, dixo.

—E noite. Podes topeñar.

—Non preciso axudas. Coñezo millor ca ti o camiño.

—Queda unha noite fría. Dame un chisco do teu calorciño.

—Vaite a Portomarín. O camiño é longo e espilirás o frío.

—¿Tés ciumes?

—Non teño por qué. Pero tampouco coides que che arrequite as mans.

—Sara, Portomarín non quer decir nada na miña vida. E certo que fun algunha vez dende a festa das Doores. Ti negárasme o baile. Ela non. Pero desengañeime. Non coñecía os costumes da aldea e pensei que te negabas a bailar comigo, cando non era tal a tua idea.

—Cansaches da Marta e agora volves a min. Podes coller o camiño da dereita. Chegarás máis axiña á tua casa. Comigo perdes o tempo.

—E obrigación miña acompañarte. Perdona. Non tornarei a molestarte. Só che pido que me consideres amigo e, se algún día...

A emoción apertouno fortemente na gorxa e non lle deixou seguir. Non puido disimular as bágoas e a Sara decatouse.

—¿Qué che pasa, Xan? ¿Por qué te pos así?, díxolle colléndoo da man, entenrecida, cal se viñera de cometer unha mala acción.

O rapaz sentíu vergoña da súa debilidade, pero ledicia ó mesmo tempo, e seguiron cara a casa do Grilo. A lúa escomenzaba a baixar pola Croa do Toural e o Xan, roubándolle un bico, xurou:

—Somentemente a ti che quero. Perdona o erro que cornetín.

—Tamén eu che quero, recoñeceu éla enxugándolle as bágoas cos dedos, agarimosa.

Aquela serán os bois volveron ó regó e, como a familia do Couso, tamén íles sentiron o engado da Reconciliación.

ENTERRO NA ALDEA

Catro días denantes do San Miguel, morreu na parroquia de Castro de Rei a irmán da muller do Sidro.

A morta quedara viúda durante a guerra, moi nova e con seis fillos que subiu con moitos traballos. O Alfrediño nen siquer coñeceu ó seu pai, fusilado dous meses denantes de nacer. Somentemente íl e a Cheliño vivían coa mai. Os outros ían en Venezuela,

de donde mandaban algúns aforros e, cando a coitada muller escomenzaba a triunfar, foise de entre os vivos.

—Inda onte estaba chea de saúde, dixo a filla, de trece anos, roiba éla e de ollos azúis, desfeita en bágoas.

A Maruxa apertou a sobriña contra o peito; pero non tiña palabras de consolo que abondaran.

—Deu a cea ós cochos e ó rubir as escaleiras dixo que se atopaba mal. Laiábase da cabeza. E ista mañán atopámola morta.

O Alfrediño non paraba de chorar e berrar pola mai morta, que non ouvía. Era arrepiente.

O Sidro e mais o Xan andiveron con todo: Os cregos, a caixa e o Xuzgado. E pola noite estiveron velando á difunta coa familia e os veciños máis achegados. Os orfos durmiron coa Gumersinda, que tamén ficou ó cargo dos da Maruxa.

— Cando era cativa, contou a señora Xusta no velatorio, pasoulle á miña madrina, Diola teña no ceo, unha cousa semellante. Estábamos a rezar o santo rosario. Ela levaba as contas e, no cuarto, empezou a queixarse botando uns saloucos fondos a cada intre como se lle fallara o alento. Cada avemaría, collía folgos tres ou catro veces. En chegando ás ledaíñas dixo: Vaime mal. Parez que me a fogo.

Eu mesma acompañeina ó leito, namentras os da casa acababan o rezo. O día seguinte, a media mañán, morreu a coitada.

As verbas da curandeira enrestráronse coa oración mariana, que éla mesma dirixiu. Todos pregaron afervoados e, rematada a oración, pouco a pouco comenzaron os prantos e novamente xurdiron contos de mortos das parroquias veciñas.

— O que endexamais esquencerei evos a morte do Canteiro, comenzou o Grilo. Estabamos de caseiros a Gumersinda e máis eu na casa do mestre de Escairón. Inda non nacera a Sara. E foi que había un home, xa vello, que lle chamaban o Canteiro porque viñera de Pontevedra e decía que tal era o seu oficio. Fixérase unha choupana e vivía miseramente. Seica non podía traballar por mor dunha enfermidade que a xente decía ser de mulleres. Con ninguén falaba nen tiña tratos e comía do pouco que lle daba unha horta ruin dabondo.

Veu un inverno moi crú, — acordareime sempre— era no ano trinteseis, cando estalou a guerra e durante moitos días non se viu ó Canteiro. Nevara moito. Un veciño e

máis eu, extrañados de non o ver, chamamos á porta. Conque non respostaba ninguén, botámola abaixo e os nosos ollos virón o máis aglaiante que soñar puidéramos.

O vello estaba no chan, morto, coas mans, as orellas e a cara comestas polos ratos. Teso polo frío, inda non se descompoñera. Aquil coitado foi levado ó sagro nun carro que ía a tombos, tirado por bois. Nen siquer tivo un crego que lle botara uns responsos. Cumpriuse o que di a cantiga: «Se é rico e ten diñeiro, cantámoslle o enterro enteiro; se é probé e non ten nada, levámolo de camiñada». Certo que endexamáis puxera os pés na eirexa; pero aquilo fora cousa de noxo.

A señora Amadora inda era algo parente da Maruxa e máis da morta. Creía moito Nas ánimas do purgatorio e debecía por explicar o que lle pasara a noite derradeira; pero non se estrevía por medo de que a alcumaran de meiga e, ademáis, que a xente nova xa ela sabía que non daría creto ás señas que tivera namentras durmía. Pero todos foron decindo os seus contos e coidou que chegara o intre de falar ela tamén.

— Debestes, —dixo— atopar raro que viñéramos precisamente ista mañán á casa da miña difunta prima, que Diola teña no ceo, e máis, vivindo tan arredados diste lugar. Non daredes creto ó que vos digo; pero, a fé, onte á noite, cando ía pro leito sentín ouvear un can. O meu home non creía niso de ventar a morte e tamén eu ía perdendo a creencia nisas cousas; pero, mediada a noite, uns petos nos vidros da fiestra espertáronme, e a voz da Dosinda díxome: «Pregade por mín, que me queimo». Despertei ó home, que nada ouviu, e díxome: Durme. Ti estás soñando.

Fixen por durmir ben veces e outras tantas pasoume o propio astra que o Farruco, dándome creto, camiñou comigo e ben vedes a desgracia. As señas eran verdade.

—Endexamáis creera tales cousas, engadiu o home da Amadora, e agora é a cousa que teño por máis certa do mundo.

—Ela debe estar no purgatorio, dixo a Sara.

—Dios queira tela axiña á súa dereita, salaiou a Maruxa.

—¿Qué pecados podía ter?, preguntou o Xan.

—A Dosinda foi boa cos fillos, respostáronlle; pero dende que lle mataron o home non voltou a entrar na eirexa.

—Dios que sabe do seu calvario nesta vida, daríalle tempo pra se arrepentir e fuxir ás penas eternas, denantes emporiso, debe purgar os pecados.

—Il é misericordioso e a nosa obriga é ganar indulxencias pola alma da Dosinda.

A noite era longa. Inda quedou tempo pra moitos contos e pra máis rezos pola morta.

As dez da mañán foi o enterro: Outra novidade pro Xan no seu reencontro coa aldea. Catro cregos, dende a casa astra o Eirexario, non pararon de requear. A corga ía chea de xente. Todos daban diñeiro ó abade pra que cantara responsos. O que menos, cinco pesos. Houbo quen deu astra vinte. Asegún a cantidade, erguían o tono da voz e variaban os latíns. Entre «Libéramos» e «De profundis» o párroco apañaba cartos e metíaos no bulsón. Na eirexa cantouse a Misa «Córpore insepulto» e, xa duraba tres horas a cerimonia cando meteron o cadaleito no nicho.

De volta, na casa, houbo grande xantar pros convidados que chegaran de lonxe e pros cregos.

O Xan non disimulou o seu escándalo polo costume aquíl.

—Sonche costumes que veñen de moi antigo, díxolle o Sidro.

—Nunca tal vira!

—Pois, se non das responsos, non requean!

Días despois, estando o Xan de parrafeo coa Sara diante da casa, cadroulle pasar por alí a unha muller que lle dixo á sua cativa:

— Miña filliña, hai que rezar sempre polos difuntiños ó se ir a deitar. ¿Ti ves? A mai do Alfredoño aparecéuselle ista noite á señora Amadora pra decidle que os seus rezos xa a libraron das penas. As ánimas son moi abogosas e pódennos valer cando morramos.

O MONSTRO DAS NOVE CABEZAS

O Xan, estambullado na aira á sombra dunha nogueira, estaba ensumido en cavilacións: Pra casar, eran mester longos anos de aforro... Só fallaba unha semana e arredaríanse un do outro... Agardábao a Gran Cidade pra enrestrar horas, días e meses interminables deica se poderen xuntar outra vez...

O seu maxín era un enxamio de ideas que o Sidriño, alasando pola carreíra, esborrallou de súpeto.

—Primo, chámate o papái. Está co señor Grilo na Escadiña e queren falarche.

O Xan despreguizouse e, botando a man á vara do cativo, cal se tivera falla de axuda pra se incorporar, ergueuse e ambos e dous camiñaron corga arriba.

—¿I el é verdade, falou o Sidriño, que vas casar coa Sara?

—E ti ¿qué dís a todo iso?

A min agradaríame moito. Así quedarías con nós pra sempre e non voltarías á cidade.

—Non podo quedar eiquí. Non sei traballar a terra e ademáis... O que me poida tocar en herdo é pouco.

—Nos ben vivimos, aventurou o arriscado pequeno.

O Xan aloumiñouno agarimoso. Qué pouco sabía íl dos trafegos da vida! ¿Cómo ía quedar na aldea pra traballar catro leiros que inda non lle abondaban ó Grilo? ¿Sacaría a lexítima pra emprobecer máis ó Sidro?

E díxolle:

—Namentras non haxa industria, Sidriño, eiquí sobramos moitos homes. Dios queira que, cando ti señas home, se teña arranxado o problema do noso país. Polo de hoxe o futuro dos novos está na emigración!

Polo camiño, o rapazolo martelaba na sua teima:

—Ben se casaron os de Vilelos e, se viras qué grande festón fixeron...

—Sidriño, a vida está chea de atrancos. Eu son novo. Non digo que algún día non case coa Sara; pero aínda me queda moito que mallar deica aló.

—O señor Xosé María contoume dun rapaz labrego que casou coa filla dun rei. Máis atrancos que os que tivo íl, coído que non os teña ninguén, ¿Queres que cho conté?

—Conta, logo! O camiño tárasenos máis levadeiro.

O máis novo de tres irmáns non tiña outra divertición que os peixes e un día pescou unha troita, que lle falou desta maneira:

—Sóltame e mañán lévasme.

O mozo ceibouna e ó día seguinte volveuna apillar e entón díxolle a troita:

—Hoxe podes levarme; pero non me comas. Trónzame en tres anacos e entérraos na horta.

Fíxoo tal coal e, de alí a poucos días, dun cacho naceron tres líóns; do outro tres cabalos e, do terceiro, tres espadas.

Como eran tres irmáns, cada un colleu seu cabalo, seu lión e sua espada. E acordaron:

—E agora ímonos polo mundo adiante na procura de tesouros.

E collerón camiño.

En chegando a unha encrucillada, conviñeron seguir roteiros diferentes; pero antes agacharon, baixo dun penedo, unha cunca de auga e decidiron que, de volta, caso que alcontraran a auga aquela entoldada, sería sinal de que ún dñles corría peligro e irían valerlle os outros.

Despedíronse en busca de sorte e, o máis vello, despois de longas horas de andadura, reparando na lonxanía, preguntoulle a un paisano:

—Bon home, ¿Cal castelo é aquí?

—O de Babilonia. Quen vai acola, non torna!

—Pois vou eu, dixo o rapaz.

O chegar, bateu na porta e saíu unha vella que o mandou pasar.

Por mor do frío, sentáronse a carón da lareira e, namentres se quentaban, a vella arrincou un pelo da cabeza e deulle. Logo tirou outros tres e díxolle:

—Co primeiro, prende o cabalo. Co segundo, o lión e, co outro, a espada.

Obedeceu o rapaz e a vella seguiu:

—Amigo, agora imos a unha loita.

O mozo albiscou mal as contas e berrou:

—Cabalo, venme acodir! Lión, venme acodir! Espada, venme acodir! A meiga, con grandes gargalladas espetou:

—Non venen, non; que os pelos da miña cabeza ferros son!

E, no intre, trocáronse en grosas cadeas, que trabaron ós dous animais e á espada e convertiron ó mozo nunha estatua de pedra.

O irmán segundo non encontrou nada de interés no seu viaxe e, de volta prá casa, ó chegar á encrucillada, viu a auga chea de arguxos e, decontado, reemprendeu o camiño do máis vello con idéntica malafada, ficando engadado tamén.

O máis novo, no seu pelegriñar, deu cunha vella que estaba no cume dun outeiro, enguruñada pola friaxe e o medo.

Preguntoulle qué facía e a coitada, con arrepiantes laios, faloulle dunha cobra grandisma, de nove cabezas, que cada día lle sacrificaban unha persoa pra que comera, ondenón, baixaría ó pobo, aguilloada pola fame e faría un estrago.

—Hoxe cadroume a min, tatejou esconsolada.

—Pois non teña grima, que xa eu darei conta do monstro.

—Ai!, señor! Mire que o vai comer!, Teñen vido moitos cazadores e lapounos a todos. Lisque axiña e non se demore!

—Non pase coidado, pregoulle íl, e cáteme en canto non ven a cobra.

Fíxoo a vella pero, ós poucos de o estar catando, ouviron asubiar polo monte abaixo. Era a cobra das nove cabezas!

Lizgairo, montou a cabalo. Empuñou a espada adocido e, a cada lostregazo, rolou unha cabeza. Logo arrincou as nove lingoas e envolvéndoas nun paño sedán, preguntoulle á afortunada vella de quen era o castelo que se ollaba na banda do leste.

— Non teime de ir acola, aconselloulle acorada, pois todo o que vai non volve. Alí vive unha lurpia que enfeitiza canto entra polo castelo enmeigado. Os pelos da sua cabeza son de ferro.

O mozo deu volta prá casa; pero, en chegando ó cruce dos tres camiños e ver a auga luxada, reemprende viaxe, sen acougo, mesmo astra chegar ó castelo.

Coa espada, bateu na porta e abriulle a meiga, que lle ofreceu pousada.

— Fai un frío de mil diaños, díxolle. Ista noite podes durmir no castelo e mañán xa seguirás camiño.

E acompañouno á cociña.

Cando estaban sentados a carón do lume, foi ela e arrincou un pelo da cabeza e deullo. Logo tirou outros tres e pediulle que prendera con íles o cabalo, o lión e máis a espada. Pero íl, sabedor do engado que tiñan, botounos no lume sen que ela se decatara.

A meiga, ríndose a cachón, díxolle:

—Irnos a unha loita, anda!

E o mozo berrou:

—Meu cabalo, venme acodir! Meu lión, venme acodir! Miña espada, venme acodir!

E a vella rosmou:

—Non venen, non; que os pelos da miña cabeza ferros son!

E o mozo espetou:

—Os teus pelos foron lume!

No intre entraron o cabalo, o lión e a espada couceando, mordendo e zorregando na vella a dios dar.

E amenazouna o rapaz:

—Ou ceibas toda a xente que téis enfeitizada ou date por morta!

E a condenada, estarecida co medo, desencantounos a todos.

Alí estaban os seus irmáns e moitos mozos e mozas, todos sanos e salvos, que celebraron con grande algarabía a anxeiada liberdade.

De volta prá casa, ouviron contar naquiles pobos que a filla do rei, entregada coma un trofeo, ía casar co vencedor do monstro das nove cabezas.

Desacougados, os tres irmáns foron ó pazo real e virón, con noxo, un tolo esmirriado que se chufaba de ter matado a cobra e que agardaba a noiva pra se casaren. Il había un fervedoiro de xente que o agasallaba pola sua fazaña. Pero o verdadeiro heroi, furando entre a moitedume, berrou afogueirado:

—¿Onde hai cabezas sen lingoas? Fun eu quen matou a cobra!

O reí pediu que lle amosaran as cabezas, e resultou estaren sen lingoas e o mozo, sacando o paño do bulsón, dixo triunfador:

—Vede as lingoas desas cabezas.

A princesiña, desfeita en saloucos porque se coidaba escrava dun tolo, choutou de ledicia e o rei perdonou ó paifoco baballán e ordenou a boda da sua filla co valente rapaz, celebrándose grandes festas con abastados xantares, música e grandismo estrondo de foguetes.

O Xan surriu e o Sidriño preguntoulle satisfeito:

—¿Gustouche?

—Sí, pero non esquezas que é un conto. Xa que falaches dunha cobra, vouche contar o que lle pasou a un rapaz que non tivo cabo tan feliz coma o do teu heroi.

—De cobras sei moito.

—¿Sabes, logo, o da Silba?

—Non. Ise non o ouvín xamáis.

—Pois atende:

Un cativo que andaba no monte, pillou unha cobra pequeniña e levouna prá casa. Os pais rifáronlle e puxeron moitos reparos porque podía mordelo; pero o rapaz soltouse a chorar, pregándolles, desconsoladamente, que non a mataran.

Como soio tiñan aquil fillo, acetáronlle o capricho e a mai preparoulle un xerro pra que a metera nil.

O rapaz púxolle de nome «Silba» e sacábaa todos os días a pasear. Chamaba por éla:

—Ven, Silba! E a cobra viña. Tíña domesticada coma un cadelo.

O cabo dun ano, xa non cabía no xerro e, na feira do Quince, mercoulle a ola máis grande que atopou. Pero a ola foi quedando pequena tamén a medida que a Silba medraba. O tempo non se detiña e o rapaz xa ía mozo cando lle arranxou un caseto na cortiña, con pedras e cemento.

Alí vivía a cobra, farta, enchenta tras enchenta, sen xiadas, sen choivas, agarimada coma un cristiano, sempre co leite sobre.

Cando o chamaron a filas, pregoulle ó pai:

—Cóideme ben a cobra e non a deixe esgarecer de fame.

Daquela había quen botaba astra tres anos no servizo das armas, non era coma hoxe, que ós dazaioito meses xa quedan libres. Naquiles tempos os soldados tiñan permisos moi escasos e o rapaz do conto non voltou á casa astra pasados dous anos.

En canto pisou a aldea, a cobra foi a primeira cousa pra íl. E quedou varado:

Talmente, como se o recoñecera, a cada chamada agarimosa, enrodelábase lizgaira enfiando os ollos cara o seu valedor.

Chegou o día do retorno á «mili» e o pai ficou ó coidado da cobra novamente.

Co tempo, a Silba foise trocando nun culebrón de bafo fedorento e no pobo, cada día medraban as queixas porque os picariños non podían saír ós camiños inzados de culebras, atraguidas polos asubíos da Silba. Pero inda que a xente amenazaba ó home, íl non facía caso e acalábaos asegurando que o fillo estaba a chegar e xa determinaría íl qué debía facerse.

O día que o soldado tornou cumprido, comprendendo a razón dos veciños, acordou matar a cobra, que era do grosor do eixo dun carro:

Plantouse na eira coa escopeta na man e abriulle o portelo do caseto, na seguranza de que era a cobra maina de sempre; pero, súpetamente, a Silba abalanzouse contra o infeliz, batendo con íl no chan. Inda que o coitado disparou, xa non conqueiriu desenlearse daquelas apertas de morte.

O pai chegou tarde pra valerlle e, enlouquecido pola door, cun machado rematou o reptil enrodelado no corpo do seu desgraciado fillo.

Di a xente que a cobra, en troques de sangue, botaba leite a cachón.

—Iste conto non ten que ver coa boda, espetou o Sidriño.

—Ten, sí. O mozo do teu conto matou o monstro das nove cabezas e, como premio, casou coa filla do rei; o protagonista do meu, ficou morto pola aperta da Silba. Teño matinado moito niste conto e coido que a Silba pondera ser un símbolo da nosa Terra. Eu son o rapaz que vive lonxe, emigrado á forza, co anxeio posto na Patria que adoro. E fermosa, donda, verdecente e agarimosa; pero tamén éla apreixa pola cintura, premendo estómagos, matando de fame ós seus. Sidriño, non podo demorarme eiquí. Debo camiñar. A Sara quérolle e será a miña muller; mais o noso fogar está lonxe... Dentro de pouco o tren levárame á Gran Cidade. Alí temos a nosa laboura e o noso porvir.

A Sara tamén emigrará. Os seus pais malvenderán as terras e vivirán connosco nun piso — un piso é algo así como os nichos que ves no adro da eirexa, inda que máis grande— e lonxe, moi lonxe, ficará a Silba que — doime decilo— esgana e zuga ós seus fillos a pesar da paixón que sinten por éla.

Deica hoxe Galicia —como a Silba— viviu domesticada e insolidaria, por iso os desherdados rousamos por terras alteas.

ÍNDICE

	Páx.
RETRATO, UN POUCO INCOMPLETO, DO AUTOR DE«REENCONTRO COA ALDEA»	5
REENCONTRO COA ALDEA	11
A FEIRA DO QUINCE	23
A CARÓN DA LAREIRA	33
MOUROS TRASNOS E TESOUROS	39
A MALLA	51
PARRAFEO NA VILA	65
REMORDEMENTO	71
FESTA NA ALDEA	77
O FUXIDO	85
A MEIGA E O ZAPATEIRO	91

MAGOANTE CONFESIÓN	97
SANTA CRISTINA DE PARADELA	103
A PALETILLA	111
RECONCILIACIÓN	115
ENTERRO NA ALDEA	123
O MONSTRO DAS NOVE CABEZAS	131

Rematouse de imprimir nos obradoiros de GRÁFICAS DO CASTROIMORET, no mes de marzo de 1983